

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Unidade didáctica sobre a Xeración *Nós***

**Unidad didáctica sobre la Generación *Nós***

**Lesson plan on the *Nós* Generation**

Autor: Ángel Vázquez Nieto

Director: Xulio Pardo de Neyra Fernández Couso

Grao en Educación Primaria

Ano 2013

~ 0 ~

## **RESUMO**

Este Traballo de Fin de Grao pretende ser unha aproximación conceptual á Xeración *Nós*, sen dúbida unha das etapas máis importantes para a literatura e lingua galegas e á cal pertenceron algún dos máis ilustres escritores galegos.

O traballo consiste nunha unidade didáctica na que mediante o desenvolvemento dunha serie de actividades, que hipoteticamente se levarían a cabo no último curso de Educación Primaria, e a través dunha metodoloxía inspirada no construtivismo, se intente achegar ó alumnado a vida e obra dos escritores desta Xeración, valorando a importancia que tiveron para o pobo e a lingua galega; así como fomentar a valoración e importancia de conservar o noso idioma, tentando desterrar calquera tipo de prexuízo que puidese existir cara el, analizando, para iso, tanto a situación que vivía na época *Nós* como a que está a vivir na actualidade.

**PALABRAS CHAVE:**      Época Nós    Irmandades da Fala    Galeguismo    Didáctica da  
Literatura      Tratamento curricular

## ÍNDICE

Introdución	5
Importancia do tema e razóns para tratalo en Primaria	6
Coñecementos máis relevantes	7
Antecedentes	8
Antecedentes máis inmediatos: século XX	12
<i>Nós. A Xeración</i>	13
Logo de 1936	20
<i>Nós. A revista</i>	22
Vicente Risco (1884-1963)	24
Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886- 1950)	25
Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)	27
Florentino López Cuevillas (1886- 1958)	28
Antonio Losada Diéguez (1884-1929)	30
Outros homes da Xeración	31
Relación co currículo	31
Obxectivo xerais da etapa de Educación Primaria	31
Obxectivos xerais da área de lingua galega e literatura	32
Contidos curriculares	32
Relación coas competencias básicas	33
Obxectivos específicos	34
Contidos específicos	35
Avaliación	35

Criterios de avaliación curriculares	35
Criterios mínimos de avaliación propios	36
Procedementos e instrumentos para avaliar	36
Avaliación da unidade didáctica	36
Contexto do Centro	37
Caracterización grupo – aula	37
Atención á diversidade	37
Organización espacial, materiais e recursos dispoñíbeis	38
Metodoloxía e proceso de ensino – aprendizaxe	38
Secuencia de actividades	39
Conclusións e idoneidade da aplicación	49
Anexos	50
Anexo I: índice de autores da revista <i>Nós</i>	50
Anexo II: documento de recollida de información en relación á actitude e ó comportamento do alumnado	52
Anexo III: distribución do espazo nas actividades en grupo e debates	53
Anexo IV: proba de exploración de ideas previas	54
Anexo V: imaxes do “Xogo da Xeración <i>Nós</i> ”	56
Anexo VI: datos do “Xogo da Xeración <i>Nós</i> ”	58
Anexo VII: cartas dos antecedentes da Xeración <i>Nós</i>	59
Anexo VIII: cartas que están relacionadas coa Xeración <i>Nós</i>	62
Anexo IX: cartas de persoeiros relacionados coa Xeración <i>Nós</i>	65
Anexo X: cartas relacionadas coa revista <i>Nós</i>	68

Anexo XI: cartas relacionadas coa situación política na época da Xeración <i>Nós</i> _____	71
Anexo XII: cartas relacionadas coa situación vivida logo de 1936 _____	74
Anexo XIII: páxinas para obter información sobre o persoeiro adxudicado _____	77
Anexo XIV: preguntas elaboradas en LIM _____	79
Anexo XV: <i>O Rei avarento</i> _____	81
Anexo XVI: <i>Conto Sinxelo</i> _____	86
Anexo XVII: <i>¡Ten fe, poeta!</i> _____	88
Anexo XVIII: canción <i>Lela</i> _____	89
Anexo XIX: canción <i>Chove en Santiago</i> _____	90
Anexo XX: <i>Adiós ríos, adiós fontes</i> _____	91
Anexo XXI: debuxos de Castelao _____	93
Anexo XXII: noticia traballada na sesión XXX _____	97
Anexo XXIII: control _____	99
Anexo XXIV: cuestionario de avaliación da unidade didáctica e autoavaliación do alumnado _____	100
Bibliografía _____	101

## INTRODUCCIÓN

O meu Traballo de Fin de Grao (a partir de agora TFG) é unha unidade didáctica acerca da Xeración *Nós*, destinada a sexto curso de Educación Primaria.

Coa realización do TFG pretendo constatar a adquisición das competencias necesarias á hora de levar a cabo a docencia, así como a capacidade de elaborar actividades axeitadas e que se poidan realizar nunha aula, é dicir, que puidesen ter unha aplicación didáctica real. Por todo o mencionado anteriormente, considero importante facer este traballo xa que, de algún modo, podes aglutinar tódalas aprendizaxes e competencias adquiridas ó longo da titulación.

A elección do tema en torno ó cal xira o meu TFG, non foi froito do azar, senón que se trata dun tema que me interesa e polo que sentía curiosidade. Así, nun principio quería realizar un traballo ben relacionado coa Literatura ou ben relacionado coas Ciencias Sociais, especialmente coa Historia. Este traballo, aínda que claramente está máis relacionado coa Literatura, o feito de que se trate dunha Xeración a cal está moi influída pola situación política e histórica do momento, fará que tamén se aprecien numerosos aspectos históricos. Dalgunha maneira, únense as miñas dúas prioridades con esta temática.

Outro dos motivos que fixeron que a miña elección se decantase cara este tema veu determinado polo feito de que prefería unha temática que me fose máis próxima á miña realidade, é dicir, a poder ser de Galicia e que mellor que a Xeración *Nós* xa que, probabelmente, é a época de maior esplendor da literatura galega.

Por outro lado e vendo que na actualidade parece que os impulsos institucionais por promover o galego están decaendo ou cando menos non se está promovendo coa mesma “enerxía” que en anos anteriores, pois cada vez se está a dar máis importancia ó bilingüismo, pero referido ás linguas castelá e inglesa; quería que o meu TFG, dalgunha maneira, tamén recollese a situación que vive a lingua galega, moitas veces marxinal e aldraxada ó longo da historia.

O obxectivo fundamental deste traballo é introducir ós alumnos, mediante unha metodoloxía dinámica e motivadora, nos aspectos máis importantes relacionados con esta Xeración, tales como as súas principais figuras, as características comúns que presentan, o labor destes homes ou a realidade da lingua galega nese momento, entre outras. Ademais, tamén, farei fincapé na situación actual do idioma mediante actividades que fomenten o seu uso e o respecto cara el, así como unha reflexión acerca da súa situación, intentando desterrar a concepción negativa que moitas veces o alumnado ten do idioma galego.

A estratexia de traballo que seguíu foi a consulta e recompilación de datos a través de diferentes fontes bibliográficas, dende libros ata artigos, e os seus contidos están plasmados no apartado de “coñecementos máis relevantes”. Aínda que o apartado de “coñecementos máis relevantes” poida parecer algo denso, tendo en conta que a maioría das actividades son moi abertas e baseadas na idea de que sexa o alumno quen, moitas veces, terá que buscar información, é importante dispoñer dunha fonda xustificación teórica, pois moitos destes aspectos poden e deben aparecer. Deste modo, máis que unha xustificación teórica na que diga que contidos exactos vou tratar, fago un pequeno traballo de recollida de información de aspectos que o máis seguro e que o obxectivo e que saísen na aula. Máis que unha xustificación teórica podería dicirse que é unha síntese dos coñecementos máis relevantes, de aí que optase por chamarlle ó apartado “coñecementos máis relevantes”. Por todo isto, considero oportuno facer esta aclaración. Tamén quero aclarar que non só incluíu aqueles contidos que corresponden co período exacto desta Xeración, senón que tamén incluíu os antecedentes, xa que moitos deles trataranse directamente mentres que outros poderían aparecer nas actividades.

## **IMPORTANCIA DO TEMA E RAZÓNS PARA TRATALO EN PRIMARIA**

O tema do meu TFG, correspóndese cun dos períodos máis salientábeis da literatura galega, pois corresponde ó período de máximo esplendor. Así, por exemplo, Ramón Lugris (1963) destaca a importancia desta Xeración, destacando que “conqu coasta a transformación cultural de Galicia”. Carlos Casares, tamén fai referencia á importancia destes homes, argumentando que a estes homes se lles debe a

“creación y definición conceptual del nacionalismo gallego, incorporación de la cultura gallega a las corrientes universales, formación de distintas escuelas científicas (etnográfica, geográfica e histórica), y creación de la prosa gallega moderna” (Rodríguez González, 2007).

O labor dos homes pertencentes á Xeración *Nós* resultou determinante para o devir da lingua e da literatura galegas.

Tras o cultivo sistemático do idioma, a recuperación da tradición cultural propia, o aumento de publicacións e da práctica escrita en galego e, en definitiva, a renovación das letras e das artes

en xeral, sempre a partir da superación dos modelos clásicos preestablecidos e da consecuenta incorporación de novas influencias capaces de modernizar o panorama cultural, a principal característica da *Época Nós* artéllase en redor do devandito *nosísmo* que, como un ar novo e a temperatura sempre constante, serviu de motor a todos e todas os que formaron parte dun esplendor até o de agora descoñecido; un esplendor superador e definitivo que, lonxe de proxectos unipersoais e mesmo unixeracionais, se traduce como o proxecto máis importante – desde logo o máis fervente e o máis diáfano – dun galeguismo nacionalista, que por riba de todo, se apresenta como o baluarte máis sólido da Galiza (Pardo de Neyra, 2009).

Unha das razóns polas que considero adecuado tratar este tema en Educación Primaria é que tendo en conta que un dos obxectivos xerais de Educación Primaria é “coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas”, que mellor que este período e estes homes, os cales resultaron vitais na historia da nosa literatura e moitos dos cales son referentes na nosa cultura.

Ben é certo que a Xeración *Nós* estúdase na Educación Secundaria, ó igual que outras moitas etapas da historia da literatura, mais en xeral faise dunha maneira moi pouco profunda. Isto trae consigo que, na maioría das ocasións, os alumnos mesturen períodos e confundan uns autores con outros. O que pretendo é, que dunha maneira motivadora, coñezan esta etapa e, transversalmente, collan gusto pola lingua e a literatura galega. Penso, polo tanto, que se debe traballar na Educación Primaria tanto pola importancia do tema para Galicia como polas posibilidades e recursos que nos ofrecen estes homes para tratar outros contidos relacionados coa lingua e literatura galegas.

## **COÑECIMENTOS MÁIS RELEVANTES**

Nesta apartado farei una pequena recompilación dos acontecementos máis importantes relacionados con esta Xeración. Non obstante, antes de comezar a falar da Xeración *Nós* é importante falar brevemente dos factores e da situación socioeconómica, cultural e política previa que propiciaron a aparición dunha serie de ideas e do compromiso pola defensa da lingua galega por parte dos homes desta Xeración. Centrareime fundamentalmente na segunda metade do século XIX e no século XX.

Tamén inclúo un apartado específico para cinco persoeiros, no cal fago un resumo do seu pensamento e dos acontecementos máis significativos das súas vidas. Os cinco homes en



cuestión son a “triada” do *Cenáculo ourensán*, é dicir, Vicente Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas; Castelao e Losada Diéguez.

### **Antecedentes**

A lingua galega pasou ó longo da historia por diferentes etapas, unhas de esplendor e outras de ostracismo. O período no cal me vou centrar correspóndese co de maior plenitude da literatura galega, xunto coa Idade Media.

Durante a Idade Media, a literatura galega gozou dunha etapa de esplendor, mais esta situación trocouse durante a Idade Moderna, comezando un período coñecido como *Séculos Escuros*, que abranguen dende finais do século XV ata comezos do XIX e no que practicamente non se escribirá en galego.

Trala caída do Imperio de Napoleón, produciuse unha reacción anticlásica en Europa e o gusto polo tradicional e autóctono rematou por favorecer a recuperación dalgunhas literaturas que tiveran un cultivo brillante noutro tempo (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Así, a finais do século XVIII apareceu, en Alemaña, unha corrente coñecida como *Romanticismo*, caracterizada pola ruptura da tradición clasicista baseada nun conxunto de regras estereotipadas e o cal adopta métodos que dende Rousseau se viñan exacerbando coma a rebelión da natureza, a apoloxía do eu ou o predominio do *ubi sunt*. Este movemento, tamén, tivo a súa repercusión en Galicia, perfilándose o concepto do celtismo e considerando a Galicia como unha das sete “nacións celtas” (cfr. Gaspar, 1996).

Outro aspecto derivado da influencia do romanticismo, constatouse coa aparición do *Rexurdimento*. A pesar de que o primeiro libro en galego é *A gaita gallega* (1853) de Xoan Manuel Pintos, os dous feitos que marcarán o inicio do *Rexurdimento* foron os *Xogos Florales* de A Coruña de 1859, publicados en 1861 como *Album de la Caridad*, e a publicación de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro.

As grandes achegas do romanticismo galego ó proceso de recuperación cultural e á creación das bases necesarias para a transformación deste Renacemento literario en rexionalismo político, primeiro, e en nacionalismo, máis adiante, serán o cultivo da poesía e o estudo da historia de Galicia. Así que mentres os historiadores lle deron unha conciencia histórica a

Galicia, os poetas devolvéronlle a dignidade literaria á lingua galega, a cal se perdera coa morte de Macías “o namorado” arredor do ano 1400 (Pérez Prieto, 1988).

Durante o *Rexurdimento* destacaron tres figuras fundamentais: Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez e, sobre todo, Rosalía de Castro. Esta última é considerada o primeiro clásico do século XIX, posto que coa publicación de *Cantares gallegos*, “a poesía xa tiña unha base sobre a que asentarse e as obras literarias posteriores beneficiáronse deste precedente” (Carvalho Calero, 1981).

En relación a Pondal, cómpre destacar que se consideraba o “bardo famoso” de Galicia, o cal tiña como labor fundamental guiar ó pobo galego cara un futuro de liberdade e gloria. No seu pensamento destaca a importancia que lle daba ó pasado celta, baseándose nas ideas de Manuel Murguía (cfr. Vázquez Cuesta, 1995). Tal e como afirma (Pérez Prieto, 1988): “o celtismo creado por Murguía nerviará toda a obra poética de Pondal”. Polo tanto, tamén é importante falar de Manuel Murguía.

Murguía, considerado o “Patriarca do Rexionalismo”, dende 1865 fundamenta a súa teoría da nación no argumento racial e é o primeiro en establecer a separación entre Galicia e o resto de España, aparecendo os conceptos Norte - Sur, logo retomados por Otero Pedrayo (cfr. Gaspar, 1996). Este celtismo ó que fai referencia Murguía, non só influirá en Pondal, senón que tamén será unha das ideas fundamentais no pensamento dos homes da Xeración *Nós*. Lúgrís Freire escribiu que as derradeiras verbas de Pondal foran: “décheme unha lingua de ferro, e déixoche unha lingua de ouro”, debido a que “cría compartir con Curros Enríquez a honra de ter dignificado o galego” (Carvalho Calero, 1981). Finalmente, é importante mencionar que foi o creador de *Queixumes dos Pinos* (1886), actual himno de Galicia.

En relación a Curros Enríquez cómpre mencionar que era un poeta querido polo pobo e que “en lugar de poñer os ideais ó servizo da vida, poñía a vida ó servizo dos ideais, xa que cría nunha vida estreitamente rexida pola norma ideal”. A pesar do seu anticlericalismo e de ser republicano, antepoñía todos estes ideais á súa terra: Galicia. Por esta razón, “acatou nos termos a disciplina rexionalista de Brañas, aínda que este fose afervoadado católico e non republicano”. Incluso chegou a recoñecer que non tería inconveniente en acatar a monarquía se esta respectaba os ideais rexionalistas (Carvalho Calero, 1981).

Ben é certo que anos atrás houbera certas reclamacións a favor de elementos autóctonos por parte de intelectuais coma Xosé Cornide ou Fray Martín Sarmiento. Así, Xosé Cornide denunciara o atraso económico, a emigración ou o colonialismo que sufría Galicia, chegando a afirmar que “quieren que Galicia sea país de Indias”; mentres que Fray Martín Sarmiento defendera a necesidade de que a Igrexa utilizase o idioma galego, criticando a perda do idioma galego na linguaxe oficial (cfr. Barreiro Fernández, 1981). Non obstante, tal e como afirma Silvia Gaspar (1996): “non será ata ben entrada a segunda metade do século XIX ata que a reivindicación dos valores culturais, económicos e administrativos da nosa comunidade non gozaron dunha formulación teórica, é dicir ata a aparición de *El Regionalismo* e de *Acción regionalista gallega*”. Hai que dicir que ata chegar á etapa rexionalista, houbo unha fase de provincialismo e outra de federalismo.

O provincialismo (1840-1868) sostén que o atraso económico e político de Galicia débese a que carece dunha grande metrópole, de aí que defenda a unidade de Galicia como unha soa provincia, herdeira do antigo reino de Galicia. A pesar de que politicamente os seus membros militan en grupos distintos, todos coinciden na defensa de Galicia como unha realidade política e critican o centralismo e, consecuentemente, ó Goberno español. Arredor da ideas provincialistas xorden, entre 1836 e 1846, un grupo de intelectuais como Antolín Faraldo ou Francisco Añón, a meirande parte dos cales participaban na Academia Literaria de Santiago, sendo os xéneros máis utilizados a poesía, o teatro e unha especie de prosa de creación moi curta e polo xeral romántica. (Barreiro Fernández, 1981).

Será neste contexto de provincialismo cando teña lugar o *Rexurdimento*, do cal xa falei brevemente en parágrafos anteriores.

En relación ó federalismo (1868-1885), hai que salientar que xurdiu trala revolución de 1868 coñecida popularmente coma “A Gloriosa”, na que os revolucionarios toman o poder e Isabel II vese obrigada a exiliarse.

Estamos pois, nunha breve etapa de liberdade. O partido republicano federal, que estaba formado por intelectuais, pequenos burgueses e unha incipiente clase media, nacerá á marxe do galeguismo, aínda que pouco e pouco, van achegándose a el, “por un lado a súa propia dialéctica, a cal defende un artellamento de tipo administrativo e político cantonal e por outro

a necesidade de atraer ó vello sector histórico galeguista representado nese momento por escritores de primeira liña”. Finalmente, hai que salientar que defendían a constitución de Galicia coma un cantón dentro da unidade cantonal española, gobernado unicamente por galegos. Moitos dos seus membros acabarán uníndose ó rexionalismo (Barreiro Fernández, 1981).

O rexionalismo (1885-1900) xorde durante a Restauración borbónica, período caracterizado pola alternancia de poder entre o Partido Liberal Conservador e o Partido Liberal Fusiniosta grazas ó sistema, promovido por Cánovas del Castillo, coñecido como a “quenda pacífica de Partidos”. Ata ese momento a intelectualidade galega “non tiña máis que dous camiños: porse ó servicio das grandes centrais políticas que os levaban para Madrid ou alonxarse da política activa que foi o que fixeron moitos cadeirádegos e intelectuais que traballaron na universidade, nos institutos, observatorios...” (Barreiro Fernández, 1981).

Manuel Murguía, que como xa mencionei anteriormente era considerado o “Patriarca do Rexionalismo”, presidiu o que se adoita considerar como o primeiro acto rexionalista: o Certame Literario e Musical de Pontevedra (1886), “no cal se insiste na rehabilitación do idioma e na valoración histórica do autonomismo galego” (Barreiro Fernández, 1981).

O cenáculo de Murguía, a coñecida coma *Cova céltiga*, estaba composta por intelectuais que se reunían nas rebotica da librería de Uxío Carrié, situada na cidade da Coruña. Compartían as ideas rexionalistas, o gusto pola literatura e moitos deles aceptaban a asunción dunha comunidade independentista pancéltica. Destacan ademais de Murguía, o cal era o líder, homes coma Pondal, Lugrís Freire ou Martínez Salazar (Gaspar, 1996).

Non obstante, a figura máis importante para o rexionalismo foi a de Alfredo Brañas. Brañas. Publicou *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario* (1889) e fundou *Acción regionalista gallega* (1891), “acadando o galeguismo, desta maneira e por primeira vez, expresión política” (Pérez Prieto, 1988). O rexionalismo de Brañas baseábase na doutrina do *self-government*, a cal era entendida polos racionalistas como que “cada comunidade acomete a súa organización sen que o Goberno teña iniciativa algunha na xestión dos intereses do Estado”, mentres que para a rama católica o *self-government* consistía en recoñecer, dentro do Estado, “representacións ás clases sociais e agrupacións naturais pero sen caer no sufraxio

universal nin no parlamentarismo”. Así, o propio Brañas afirmaba que la “agrupación regional forma por tradición y por necesidad histórica y política un todo con el Estado, pero vive dentro de él con vida independente y exclusiva, sin confundir su esfera de acción con la de otros intereses nacionais”, definindo rexión como “agrupación de familias y municipios o comunidades, ligadas por certos lazos naturais e que gozan de una existencia social autónoma dentro de los Estados independentes” (Barreiro Fernández, 1981).

Para Vicente Risco, o rexionalismo non deixa de ser un sistema a medio desenvolver (Lugris, 1963). Por outro lado, hai que ter en conta que no século XIX Galicia conservaba unha estrutura socioeconómica baseada fundamentalmente no sector primario e asentada no Antigo Réxime. Así pois, o agro galego presentaba grandes problemas como o excesivo minifundismo, a propiedade da terra concibida dunha maneira case feudal ou a falta de industrialización. Polo tanto, necesitaba unha profunda reforma agraria para integrarse no mercado estatal español. Ademais, a toda esta situación engadíuselle a crise derivada da perda das colonias de ultramar en 1898 (Barreiro Fernández, 1981; Carvalho Calero, 1981). Estes serán o motivos polos que a poboación busque unha “vía de escape” no galeguismo, con particular importancia nas ideas de Alfredo Brañas e, dende ese momento, sinalárase ó centralismo español coma o causante do atraso económico de Galicia. Paralelamente, os intelectuais galeguistas incorporan as demandas agrarias ás súas propostas (cfr. Gaspar, 1996).

### **Antecedentes máis inmediatos (século XX)**

Trala morte de Brañas en 1900, o seu partido desapareceu. Non obstante, en 1907 xurdiu da man de *Solidaridade Galega* unha nova forma de galeguismo, que servirá de ponte entre o rexionalismo e o nacionalismo. No se programa predomina a idea de defender Galicia, “louvando a historia e o porvir de Galicia”. O seu órgano de expresión é *A Nosa Terra*, sendo este o órgano de expresión de *Solidaridade Galega* ata 1917, das *Irmandades da Fala* ata 1932 e do Partido Galeguista ata 1936, “renacendo no exilio e volvendo aparecer trala democracia” (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Os alicerces sobre os que se asentará o nacionalismo (1914 ata a actualidade) serán a “necesidade de dotar a Galicia dunha conciencia histórica e de converte-lo galego nunha

lingua literaria” (Pérez Prieto, 1988). Xosé Ramón Barreiro Fernández (1981) distingue varias etapas dentro do nacionalismo. A primeira delas iniciase en 1916 coa creación das *Irmandades da Fala*, a segunda durante a II República coa ORGA e o Partido Galeguista e a terceira logo da Guerra Civil. Destes acontecementos falarei máis adiante.

Houbo dous feitos que foron moi significativos durante os primeiros anos de conformación do nacionalismo. Por un lado, a I Guerra Mundial (1914-1918) provocou o nacemento de moitas nacións independentes e, consecuentemente, propiciou a euforia nacionalista e exaltación das minorías étnico-sociais (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Neste contexto axiña chega a Galiza o pulo innovador que se foi condensando en tres focos de actividades: foco ourensán-pontevedrés que deu orixe a creación da revista “Nós”, o foco coruñés que deu orixe ás “Irmandades da Fala” e o foco compostelán coa creación do “Seminario de Estudos Galegos” (Pérez Prieto, 1988).

Por outro lado, o outro feito salientábel para estes homes foi a revolución Rusa (1917) e o triunfo do comunismo.

Como sostén Florentino Cuevillas, ven ó comunismo “como unha ameaza contra as súas ideas de liberdade pública e individual”, contra a súa posición acomodada ou contra as súas crenzas relixiosas, pois “o último reduto da espiritualidade e pureza folclórica que os homes de Nós asimilan ó místico oriente pasa a converterse no berce dun materialismo que é, para eles, aínda máis devastador que a esencia filisteia do seu propio mundo” (Gaspar, 1996).

### **Nós. A Xeración**

A Xeración *Nós* está composta por un grupo de intelectuais nados na década de 1880 e que se fan coñecidos para o público arredor do ano 1920, ano de creación da revista *Nós*. A pesar das diferenzas existentes, como é lóxico, en cada un destes homes, comparten unha serie de características comúns como serían a defensa do celtismo como base étnica, herdado de Murguía e Pondal,; o *Atlantismo*, a defensa da lingua e cultura galegas, a presenza de Deus na

natureza, a importancia da Terra<sup>1</sup> ou o nacionalismo galego. Destacan fundamentalmente Castelao, Risco, Otero; Losada Diéguez e Cuevillas.

Non sempre estivo claro que a Xeración *Nós* fose verdadeiramente unha xeración, incluso o propio Risco na súa obra *Nós, os inadaptados* afirmaba que “cando no meu tempo dicía nós, non se refería endexamais aos da súa xeración, nen da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, un capela, un cenáculo”. É dicir, foron unha xeración sen decatarse, pois tal é como afirma Baliñas: “os riscos esenciais dunha xeración cúmprense neles”. Realmente si que se trata dun xeración, xa que danse neles as dúas condicións esenciais para formar unha xeración histórica: coetaneidade e instalación nun mesmo nivel histórico (Pérez Prieto, 1988).

Para nomear a esta xeración usáronse diferentes termos como *Xeración de 1916*, *Xeración a secas* ou *Grupo Nós*. A esta xeración, tamén se lle atribúe o termo de *Segunda Renascencia* ou *Segundo Rexurdimento*, institucionalizado por Fernández del Riego (cfr. Rodríguez González, 2007).

A maior parte dos homes que formaron parte desta xeración eran persoas que tiñan unha posición acomodada, como no caso dos homes do *Cenáculo ourensán*, composto. entre outros. por Risco, Cuevillas ou Otero Pedrayo e na que tódolos seus membros partían de núcleos familiares pertencentes á alta burguesía. Non obstante, outros como Castelao tiñan unha orixe máis humilde.

O *Cenáculo Ourensán* é un agrupamento liderado por Risco dende os anos dez en Ourense, “no que cada un dos seus integrantes mantén uns criterios de pensamento e acción ben diferenciados e cun perfil académico orientado ó terreo humanista” (Gaspar, 1996). Estes homes durante a súa mocidade, considerábanse a si mesmos como *inadaptados*. Posteriormente, pasarán da *inadaptación*, caracterizada pola individualidade e o illamento da realidade que os rodea en “torres de marfín”, pola defensa do idioma e o amor a terra galega.

---

<sup>1</sup> Ás veces ó longo deste traballo, termos como “Terra”, “Pobo”, “Raza” ou “Natureza”, aparecerán en maiúscula, tal é como os escribían os homes da Xeración *Nós*, pois outorgábanlle un valor que vai moito máis aló do termo en si.

Os trazos que caracterizaban ós *inadaptados* eran: ser uns “vencidos da vida”, un forte individualismo e a conciencia da arte coma evasión; tendo como mestres da súa cultura de autodidactas a escritores ingleses como Ruskin ou Poe e franceses como Baudelaire ou Verlaine. O seu lema, acuñado por Risco, “ser diferente é ser existente”, levounos na busca do exótico (cfr. Pérez Prieto, 1988). Así, Risco coincide con Splenger na existencia da *dinámica das civilizacións*, segundo a cal as civilizacións ó principio están caracterizadas pola inxenuidade personificada nos “homes vulgares” incapaces de crear. Despois, había unha segunda etapa na que aparecen os “homes de esprito”, que dan contido e forma á cultura e, finalmente, aparecen os “homes de talento” ou *hylicos*, que procuran a aplicación das formas culturais á vida. Partindo da idea de Paul Valery, que defendía que as civilizacións son “mortais”, é dicir, desaparecen. Nesta última fase situaríanse ós *inadaptados* xa que eles si son conscientes de que chegou a desaparición da súa civilización e son necesarias “novas fórmulas que permitan a construción de outro edificio cultural” (cfr. Lugris, 1963).

A traxectoria destes homes está ben descrita por eles mesmos en cadanseu relato autobiográfico: *Dos nosos tempos* (1920), de Cuevillas; *Arredor de si* (1930) de Otero e *Nós, os inadaptados* (1933), de Risco; sendo este último o documento clásico citado para definir á esta Xeración, aínda que Carlos Casares puntualiza que as cousas “non son tan claras nin tan exactas como nos conta Risco”. En relación a *Arredor de si*, é definida por Risco coma “a autobiografía, non dun home senón dunha xeración” (Lugris, 1963; Pérez Prieto, 1988).

O cambio de pasar dunha conciencia de *inadaptación* a outra galeguista de apego e amor á terra e de defensa de Galiza debeuse a varios factores: o pulo das *Irmandades da Fala* e, sobre todo, a figura de Losada Diéguez, o cal introduciu no galeguismo a estes homes. Tamén, puido influír o feito de que non visen seguras as súas “torres de marfín”, como parece sinalar Cuevillas, debido á situación dese momento ou que atopasen en Galicia ese exotismo que buscaban, como no caso de Risco, o cal explica que “chegou a cultura galega cando descubriu sorprendido que aquela Galicia era un mundo mais novo que aqueles outros polos que pasara a súa *inadaptación*. Galicia mundo inédito baixo a máscara dunha cultura allea, baixo da caricatura que teceran séculos de ñorancia e desidia” (Lugris, 1963; Pérez Prieto, 1988)

É importante falar das *Irmandades da Fala*, xa mencionadas varias veces ó longo deste traballo.



Xorden en 1916 cando o grupo que leva a revista *Estudios Gallegos* (1915), fundada por un escritor galego residente en Madrid, invita a unha campaña en prol da recuperación do galego e esta invitación é recollida por Antón Villar Ponte, que convoca unha reunión o 18 de maio de 1916 e á que acoden os integrantes da *Cova Céltiga*, os “sentimentais do galeguismo histórico” ou algún dos poucos membros que quedan de Solidaridade Galega, fundándose a primeira Irmandade de Galicia, que ten por obxecto a defensa do idioma galego. Ós poucos días fúndase a *Irmandade* de Santiago e Porteiro, ademais da defensa do idioma, engade a necesidade da defensa de Galicia e da súa recuperación económica, social e política. Posteriormente, fúndanse *Irmandades* noutras cidades como Lugo, Vigo, Ourense, Pontevedra ou Monforte (Barreiro Fernández, 1981).

En 1916 aparece a *Nosa Terra* como voceiro das *Irmandades*, as cales sofren unha progresiva politización, mostra da cal presentaríanse ás eleccións de 1918 en colaboración con *Lliga Regionalista* de Cataluña, mais non tiveron éxito. Ata 1918 impuxérase a liña política, pero o fracaso electoral e o nomeamento de Risco trala morte de Porteiro, propiciou unha fractura no galeguismo posto que, por un lado, estaría a liña política con Peña Novo como líder e, por outro, estaba a cultural con Risco á fronte. Xorde así, en 1920, a revista *Nós*, a cal da nome a esta Xeración. A partir de 1923 só foi posíbel á liña cultural, posto que coa Ditadura de Primo de Rivera a liña política foi prohibida, se ben a cultural sufriu tamén atrancos como foi a suspensión da revista *Nós* entre xullo de 1923 e xullo de 1925 (cfr. Barreiro Fernández, 1981).

Coas *Irmandades da Fala* iniciase o nacionalismo galego, o cal critica o centralismo español e ten un claro afán diferencialista a respecto de España. Non obstante, ve en Europa o progreso, a cal idealizan defendéndoa coma ente supraestatal. Tamén rememora a idea do *Atlantismo* e da raza celta. Seguindo a idea do *Atlantismo*, ven necesario achegarse ós países do Norte, países que comparten o pasado celta de Galicia, sendo Irlanda e Portugal a representación dos seus ideais. O nacionalismo defende que Galicia “debe demostrar que pode organiza-lo seus propios recursos a marxe doutra autoridade, enfrontándose a ela primeira, desligándose despois” (Gaspar, 1996). Os homes da Xeración *Nós* son herdeiros das teorías do celtismo, moi presentes durante o *Rexurdimento*, sobre todo en Pondal e en Murguía. Tal é como salientaba Lugrís (1963): “a Galicia céltica tiña tanto para os románticos como para os inadaptados, unha certa calidade de mundo virxe, puro; de mundo tronchado denantes que poidera dar o froito que levaba no seu intimo”.

A maior parte dos homes da Xeración *Nós*, a pesar de ser conscientes de que na sociedade e no contexto no que se atopaban non eran posibles eses ideais, como consecuencia dese gusto de volta atrás, de volta ó pasado glorioso, defenden o atractivo do “universo atlántico, no cal se atopan os factores fundamentais da súa singularidade, ruralismo e situación occidental” (Gaspar, 1996).

O nacionalismo pretende “devolver a Galicia ó seu auténtico ser, o entorno celta que por raza lle pertence, a súa historia sustraída, a súa lingua desbotada e a súa administración avasalada e para reconducila nun desenvolvemento atlántico, compre desvencellarse do concepto de España” (Gaspar, 1996). A seguinte afirmación de Risco (1920) deixa ver claramente cal era a súa posición a respecto de España e Europa: “o imperialismo castelán fai hastra de agora unha “muralla china” posta antremedio de nós e a Europa culta”.

A importancia da Terra é destacábel para os integrantes desta Xeración, pero non soamente desde unha perspectiva xeográfica senón que van moito máis aló, dándolle valor en si mesma. Risco (1920) expresa que “o nacionalismo é amor sagrado á Terra-Nai”. O propio Risco (1923) chegou a dicir: “mais para min, o sentimento radical da nosa afeutividade étnica é a adoración á Terra. ¡Terra a nosa!, é o noso berro que se manifesta de cote en toda a nosa expresión artística”. A Terra e o Pobo galegos son o máis importante para o nacionalismo, por riba de calquera interese partidario (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Poderíase dicir que se defende a existencia dunha raza autóctona, a celta, pero tamén existente noutros países europeos, máis non no resto de España. Así, Risco afirmaba que “a nosa Raza ven de lonxe, mais se primeiro se fixo filla da Terra por adopción, hoxe éo por consanguineidade, no sangue e na ialma”. Tal é a importancia que tivo o celtismo, que na revista *Nós* fíxose un catálogo de castros galegos, o cal foi coma “un catálogo das arelas do país, latexantes nos castros do esprito” (Lugris, 1963).

Outro aspecto fundamental para os homes de *Nós* é a relixión. Certo é que que todos estes homes son cristiáns e a pesar de posuír diferentes ideas en relación á relixión e á Igrexa, todos comparten a idea de que Deus está na natureza e o seu amor é o agarimo a Terra. Vese así unha concepción de Deus presente na Natureza, na Natureza galega, é dicir, trátase dun cristianismo “fondamente enraizado na Terra”. Esta idea da presenza de Deus na natureza débese a influencia da corrente ideal - romántica e, concretamente, de Schelling, A natureza é para Schelling “a grande obra de Deus, que non só “é o artista senón que se entrega nela a modo de ingrediente fundamental, entra tamén en cohesión harmónica coa sensorialidade na

que se plasma e funde toda a beleza artística regalo para a alma e os sentidos”. Reedita a idea da bipolaridade natural, na cal se fundamentaba a existencia e o movemento do mundo no xogo de dúas formas antagónicas: a de atracción e a de repulsión. Así, pode falarse dunha dobre lei de conformación do real: a *lei de identidade* ou *natura naturans*, segundo a cal a natureza é acción e a *lei da concreción realista* ou *natura naturata*, “que pon nas realidades do mundo natural singularización e substantividade corpórea, isto é repregue cara ó que cada unha delas lle é propio e constitutivo, en definitiva diferenciador” (González Fernández, 2008).

As formas naturais son o resultado da conxunción harmónica destes dous elementos dinámicos. Estes dous elementos danse sempre en conxunción antagónica e ostentan en si mesmos e na relación co antagonista, un carácter plurifuncional e polimorfo: operan entre si o anímico e o corpóreo, o dinámico - proxectivo e o freante, o universalizador e o singularizador, o innovador e o conservador, o centrífugo e o centrípeto, a suxeición terreal e a elevación progresiva... (González Fernández, 2008).

Tamén hai que destacar que outro aspecto relixioso moi frecuente nas publicacións destes homes é a aparición da figura de Santiago Apóstolo, pero desprovisto da súa faceta de guerreiro, aparecendo coma guía. Pois hai que recordar que a este Santo se lle atribuíu unha dobre función: camiñante e guerreiro, sendo a figura en torno a cal se uniu o cristianismo durante a Reconquista. Para os homes de *Nós*, Santiago é a esencia, o núcleo dos valores espirituais da comunidade medieval, etapa a cal, para eles, “constituía a renovación da orde natural, devolvendo ós países occidentais unha fase mística na que os valores mecanicistas, os cales negaban a existencia de entes espirituais, son substituídos polos espirituais” (Gaspar, 1996).

Hai unha gran relación entre o nacionalismo galego e mailo fenómeno xacobeo e a cidade de Compostela. Con Santiago, o galeguismo reviste un carácter xubilar, entendendo por xubíleo o perdón das culpas. Así, Otero Pedrayo escribe na revista *Nós*: “quen traballa por Galiza traballa pol-o Sant’Iago ideal que soña a Terra, pol-o reinado do Apóstolo pelingrino, pol-o ceibe vivir das crenzas da raza. Dia chegará en que sexamos cidadáns dun mundo superior”. Os nacionalistas toman as peregrinacións a Santiago de Compostela de maneira simbólica, entendidas como unha peregrinación no tempo, no que o punto de referencia ó que volve-la

mirada é unha meta do pasado e na que non se persigue un reino deste mundo, senón un arquetipo. Ademais o feito de que Santiago, independentemente de España, atraese a xente de toda Europa a través das súas peregrinacións é un feito que non queda esquecido por estes homes, os cales sosteñen que Compostela é un centro que podería facer fronte ó centralismo español. Así pensan que canto máis se fortaleza a cidade de Santiago, canto máis se fortaleza o propio núcleo galego, máis se afastarán de España (cfr. Gaspar, 1996).

Á hora de falar da Igrexa, si que hai grandes diferenzas entre os homes desta Xeración. Así, por exemplo, mentres Risco “parece preocupado e interesado unicamente polo porvir da cristiandade”, Otero e sobre todo Castelao piden a existencia dunha Igrexa galega que non sexa elemento de alienación como ata ese momento e que, pola contra, o sexa de liberación (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Tamén quero facer unha breve referencia a situación que se viviu durante a II República (1931-1936). Uns anos antes, concretamente en 1929, apareceu *Organización Republicana Gallega Autónoma* (ORGA) e nela apreciábanse dúas tendencias ben marcadas: unha mais estatal de Casares Quiroga, que logo pasou a Izquierda Republicana, e a tendencia galeguista que encabezaba Villar Ponte (Pérez Prieto, 1988).

En 1931 xorde o Partido Galeguista (a partir de agora PG) grazas a unión de diferentes grupos coma o partido nacionalista republicano de Ourense, no que militaban Risco e Otero, o partido galeguista de Pontevedra, onde se atopaban Castelao, Cabanillas ou Paz Andrade, membros das *Irmandades da Fala...* e toma o relevo das *Irmandades d Fala*. Os principios nos que se sustenta coincidían coas ideas básicas de 1916 e que Fernández del Riego (1983) resume da seguinte maneira: “Galicia, unidade de cultura, que equivalía a tanto como afincar a personalidade galega a través da lingua, da arte e do espírito. Galicia, pobo autónomo, co que se tencionaba definir a autodeterminación política do país dentro da forma de goberno republicana. Galicia, comunidade cooperativa, co que se asumía a consideración da terra para o traballo, que implicaba unha postura antiimperialista, de federalismo internacional e de pacifismo”. Tratábase dun partido onde non importaba se os seus membros eran de “dereitas” ou de “esquerdas”, o único importante era a defensa de Galicia. Ademais rexeitaba o marxismo e declarábase aconfesional e interclasista. Así en *A Nosa Terra*, o seu órgano de difusión, chegouse a dicir esta afirmación: “Si para ser galego, un home precisa que o noso partido sexa de dereitas ou de esquerdas, non será un autonomista verdadeiro, será un comecegos ou un comesantos” (Barreiro Fernández, 1981; Gaspar, 1996).

Por outro lado, o PG, que sufriu un revés nas eleccións de 1933, defendía a necesidade dun Estatuto de Autonomía, motivo polo cal, en 1936, “para non perder a carreira do estatuto tivo que optar en prol do Fronte Popular, suscitando unha forte crise interna que propiciou o desvencellamento da dereita galeguista do PG” (Barreiro Fernández, 1981).

Finalmente quero destacar a calidade literaria dos homes da Xeración Nós, a cal estaba cando menos á altura doutros escritores nacionais ou internacionais da súa época.

Foi unha xeneración dunha forza e persoaalidade escepcionais. Abonda recordar os nomes de quen es a compoñían, e que ponderan representar o mellor de cada especie entre os creadores literarios do seu tempo na Península e fora dela, se houberen escrito en castelán, catalán ou francés, e non preferisen facelo na humilde lingua da súa terra (Correa Calderón, 1970).

### **Logo de 1936**

En xullo de 1936, Galicia xa estaba dominada polos franquistas, o que provocou que o PG se mantivese na clandestinidade ata a súa desaparición. A Guerra Civil e a posterior ditadura franquista provocaron que se rompese a unidade orgánica do grupo, xa que os seus diferentes integrantes se viron obrigados a exiliarse como foi o caso de Castelao, Suárez Picallo ou Souto; outros mantiveron a súa actividade na clandestinidade como Otero Pedrayo ou Cuevillas; renegaron do galeguismo como Risco ou foron asasinados como Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Díaz Baliño, Blanco Torres ou Arturo Noguero. É destacábel que nesta época “rómpe-se o pulo creador, agás casos excepcionais como o de Castelao” (cfr. Pérez Prieto, 1988).

A actividade dos galegos no exilio resultaría fundamental para que permanecese vivo o sentimento nacionalista, pero moitas veces no interior de Galicia non se tiña constancia deste feito nin se daba a importancia suficiente ós esforzos e ó labor político dos homes do exilio. Así, por exemplo, Ramón Piñeiro (1940) deixa ben clara a súa postura respecto á tarefa de Castelao no exilio ó afirmar que “está en New-York facendo debuxos de negros”. Non obstante, dende 1939 Castelao leva a cabo unha intensa actividade de “axuda ós refuxiados e conecta co resto de galeguistas obrigados a espaxarse polo mundo adiante”. O grupo galeguista de Bos Aires acordou nomear Castelao “xefe do galeguismo”. Sen embargo, a súa autoridade non sería aceptada por todos e, por exemplo, Blanco Amor, co que tanto Castelao

como Bóveda xa tiveran enfrontamentos en épocas anteriores, opúxose alegando que Castelao segue as directrices dos comunistas (cfr. Garrido Couceiro, 2009).

Ó remata-la guerra, iníciáanse os primeiros intentos de organiza-la oposición clandestinamente. En 1944, aparece o ideario do galeguismo, coa intención de ser a base na que se deberían formar as novas xeracións: a obra *Sempre en Galiza*, de Castelao. Ramón Piñeiro afirma “que dende o 43 ata o 50 o galeguismo actuou intensamente en contacto coa oposición clandestina. Tratábase de procurar que os dereitos democráticos do pobo galego estiveran presentes chegado o momento” (Barreiro Fernández, 1981).

Pouco e pouco, vese como se produce un distanciamento, que rematará en ruptura, entre o galeguismo no interior de Galicia, con Ramón Piñeiro á fronte e o galeguismo do exilio, encabezado por Castelao. Castelao defende que para un mellor traballo na clandestinidade é recomendábel que as novas xeracións “tomen as rendas” no interior, posto que non están “queimadas publicamente”. Non obstante, a partir de 1950 os galeguistas do interior ven ineficaz a clandestinidade, xa que crían que non se ía producir ningún cambio na situación política, e deciden orientar os seus esforzos noutra liña de actuación, co obxectivo de galeguizar ós mozos para que nun futuro sexan capaces de asumir a responsabilidade política de Galicia. Así, é como nace a *Editorial Galaxia* (1950) na cal aparecerán algún dos homes de *Nós* como Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas ou Cabanillas, ós que se engadirán outros homes como Ramón Piñeiro ou Álvarez Blázquez (Barreiro Fernández, 1981; Garrido Couceiro, 2009).

Claramente a forma de actuar no interior, moito máis cautelosa, e no exterior, cuxo obxectivo era facerse ver e notar, eran radicalmente opostas, mais isto nun principio e, mentres se complementasen, non debería ser unha traba. O problema é que co paso do tempo, as propostas eran contraditorias e dirixíanse cara dúas liñas de actuación política diferente. Todo isto propiciou a ruptura definitiva entre o galeguismo do interior e o do exterior (cfr. Garrido Couceiro, 2009).

Quero rematar este apartado falando brevemente de Ramón Piñeiro, o cal era herdeiro da filosofía alemá e dos ideais dos homes da Xeración *Nós*.

“Foi o eixo e voceiro do galeguismo no interior e o director literario de *Galaxia*, e serviu de guieiro establecendo os camiños por onde debía discorrer a literatura galega e para iso era

necesario partir da realidade espiritual, pois sostén que é a única maneira de facer cultura galega, cuxos factores esenciais son segundo o seu punto de vista a fantasía, o lirismo, o humorismo e o sentimento da paisaxe” (Bermúdez Montes, 2009).

“Fernández del Riego ou Carballo Calero coinciden con el, nembargante non todos e, sobre todo, as novas xeracións rexeitan a perspectiva esencialista herdada da época *Nós*. Na década dos 50 comeza a recuperarse o pulso narrativo cortado coa guerra, partindo do restablecemento da tradición de *Nós* (con Otero Pedrayo como supervivente da preguerra) xunto co popularismo de Fole e a creatividade de Cunqueiro como principais expoñentes individuais” (Bermúdez Montes, 2009).

### **Nós. A revista**

Antes da aparición desta revista houbo unha serie de publicacións antecesoras en galego, tales como *O tío Marcos da Portela* (1876), *El Heraldo Gallego*, o cal tiña por lema “Galicia ante todo. Galicia sobre todo” ou *A Nosa Terra*. Ben é certo que aínda que non coma revista, entre as páxinas dun xornal aparecía unha publicación titulada *Nós. Páxinas Galegas do diario da Cruña El Noroeste* (cfr. Pérez Prieto, 1988).

A revista *Nós*, subtitulada *Boletín da cultura galega*, debe o seu nome ó álbum de debuxos que Castelao expuxera entre 1917 e 1918 e que levaba de título *Nós* (cfr. Pérez Prieto, 1988). Esta revista saíu á rúa o 30 de outubro de 1920 en Ourense, sendo Vicente Risco o director, Arturo Noguerol o subdirector e Xavier Prado Lameiro o redactor - xefe, Castelao ocupábase fundamentalmente da parte gráfica e entre os seus colaboradores atopábanse Cabanillas, Losada Diéguez, Cuevillas ou Otero Pedrayo, entre outros. Esta primeira titulación levou o nome de *Revista mensual da Cultura Galega, órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós* (cfr. Carvalho Calero, 1981).

A través desta revista, que tiña como obxectivo a potenciación e valoración da cultura galega, tentouse “europeizar a cultura galega e galeguizar –asimilar- a cultura europea” e, ademais da obra literaria e artística que estes homes ían aportando á cultura galega, cada un comprometéase a investigar un eido da realidade galega. Esta é a razón pola que Risco estudou a etnografía, Cuevillas a prehistoria, Otero a xeografía e Castelao a arte popular a través dos cruceiros. Polo tanto, non é de estrañar que as áreas mais cultivadas foran

literatura, con máis de 500 artigos, máis do 50% de toda a revista; seguida da etnografía e folclore con 130 artigos e arqueoloxía con 75 (Barreiro Fernández, 1981; Lugris, 1963).

Por outra banda, os temas políticos, económicos e relixiosos apenas aparecen reflectidos. Xa no primeiro número de *Nós* maniféstase que os seus colaboradores “poden ser o que lles pete con tal de poñer por riba o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos” (Carvalho Calero, 1981). Respecto ó tema relixioso, o que si se aprecia é a importancia da figura do Apóstolo Santiago, xa que aparecen numerosas alusións á súa figura. Ademais, destaca que tras dous anos nos que non se publicou nada, entre xullo de 1923 e xullo de 1925, debido a situación política, se elixise o 25 de xullo, Día do Apóstolo, como data para volver a publicar e que nos anos seguintes os números de cada mes saísen o día 15 a excepción do mes de xullo, no que saía o día 25 (cfr. Gaspar, 1996). Non obstante, cómpre salientar que moitos dos seus membros, poucos anos mais tarde, participarían na revista *Logos*, a cal tiña como obxectivo fundamental defende-la galeguización da Igrexa galega, argumentando a necesidade de predicar en galego (Pérez Prieto, 1988).

Debido ós problemas económicos, a súa sede non sempre estivo no mesmo lugar e, se ben naceu en Ourense, trasladouse a Pontevedra en 1923, a A Coruña en 1925 e a Santiago en 1931. Cando a Administración trasladouse a A Coruña, a dirección pasou a ser asumida por Ánxel Casal (Carvalho Calero, 1981; Lugris, 1963; Pérez Prieto, 1988).

Tamén me gustaría salientar a creación do Seminario de Estudo Galegos en 1923, que tiña por obxectivo a formación de investigadores e o estudo científico de Galicia. Como figuras máis destacadas débese nomear Fermín Bouza Brey ou Filgueira Valverde, entre outros (cfr. Carvalho Calero, 1981).

Finalmente e a pesar de que a revista desaparece en xullo de 1936, cómpre salientar que:

“Hai un número póstumo, o 145, debido ó desexo de conmemorar o 50 aniversario do nacemento desta Revista, o cal consta de dúas partes, denominadas “xeiras”. A primeira contén a colaboración de todos aqueles escritores que teñen publicado algo en *Nós*, vivían nesa data e responderon á invitación, sete non remitiron a colaboración solicitada. A segunda parte contén o índice xeral, o índice de autores e o índice de



materias da revista *Nós*, compostos por Xosé Ramón e Fernández Oxea. (Carvalho Calero, 1981).

A modo de exemplo, ademais dos autores citados anteriormente, recollo algúns dos nomes dos homes que participaron na revista *Nós*, para facerse unha idea do elevado número de persoas que participaron nesta revista (ver anexo I, páx. 50).

### **Vicente Risco (1884-1963)**

Naceu o 1 de outubro de 1884. Fixo carreira de Dereito, desempeñou un destino en Facenda e traballou como profesor de Historia na Escola Normal de Ourense. Foi o fundador da revista *La Centuria* en 1917, dirixente da revista *Nós*, ademais de levar a cabo nela unha gran tarefa etnográfica, de aí que se lle alcumase o “etnógrafo da Raza”. Froito deste traballo de etnografía, poden mencionarse obras como *O Castro de Caldelas*, *Folklore de Melide* ou *Estudo Etnográfico da Terra de Melide*. Tamén, foi un dos dirixentes nos primeiros anos do PG e colaborou en diferentes revistas e periódicos como *Leria*, *El Miño* ou *A Nosa Terra*. É considerado o ideólogo da xeración e Castelao chamáballe o “outro eu” (Carvalho Calero, 1981; Pérez Prieto, 1988).

Risco era un home miúdo, de aspecto débil e moi relixioso. Tratábase dun home católico, tradicional e conservador, feito que provocaba que moitas veces caese na superstición; concibía á Igrexa como a depositaria da verdade e compartía o ideal romántico de que Deus se atopa na Natureza, na lingua, nos costumes e na Terra galega. Ademais, rexeitaba a modernidade e defendía a vida agrícola e rústica, tal como sucede, por exemplo, no ensaio *A Coutada* (Gaspar, 1996; Pérez Prieto, 1988).

Ó longo da súa vida pódense distinguir tres etapas: unha primeira de formación, na que se dedica a viaxar por Europa en busca do exotismo e na que era sumamente individualista. Tratábase, dun *inadaptado* e esta primeira etapa é retratada no seu ensaio *Nós, os inadaptados* (1933). Na segunda, a de plenitude (1918-1936), prodúcese o encontro de si mesmo coa Terra e co pobo e é nesta etapa cando, ó entrar en contacto coas *Irmandades da Fala*, se inicia no galeguismo, na defensa de Galiza, do idioma e do pobo galego. Froito de todo isto, será o guieiro desta Xeración, sendo xunto a Cuevillas un dos grandes defensores do celtismo como

base étnica e do *Atlantismo*, salientando a necesidade de achegarse a Europa, especialmente a aqueles países cos que ó parecer se compartía un pasado celta, e do afastamento do centralismo español. Finalmente, experimenta unha etapa de evasión defensiva, do 36 ó 63, renegando do galeguismo, debido ó medo que se instaurará nel tralo golpe de Estado; á viaxe a Berlín no que contempla escandalizado as manifestacións socialistas e a liberación sexual, feito que provocará que se radicalice nas súas posicións conservadoras; e a crenza de que co novo Réxime volverá a triunfar a “verdade católica” (Gaspar, 1996; Lugris, 1963; Pérez Prieto, 1988).

Respecto á súa obra cómpre dicir que cultivou sobre todo a prosa, sendo o seu xénero preferido o ensaio e, ademais, dos estudos de etnografía, tamén fixo estudos de historia como *Elementos de metodología de la historia* (1920), *A significación histórica de Murguía* (1934), *Historia de Galicia* (1952), *Historia de los judíos desde la destrucción del templo* (1944); ou políticas como *Teoría do nacionalismo galego* (1920) e *El problema político de Galicia* (1930). Pero non só fixo ensaios, tamén escribiu algunha novela curta como *Do caso que lle aconteceu o doutor Albeiros* (1919) ou *Os europeos en Abrantes* (1927), e unha novela longa: *O porco de pé* (1928) (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Aínda que ás veces, poucas, usa unha prosa moi coidada e rítmica, xeralmente a súa prosa soe “ser cha, desprovista de énfase e solemnidade, a miúdo familiar na síntese”. En canto á lingua, intenta afastarse do castelán, procurando o enxebrismo e para iso recorre ó “portuguesismo” e ó “vulgarismo”, caendo en ocasións no hiperenxebrismo. Frecuentemente, usa como recurso estilístico longas enumeracións humorísticas. A súa narrativa é ideolóxica: “ou trátase de sátira social, ou glósase a cultura popular ou algunha outra forma da cultura”. Tamén escribiu unha obra de teatro, titulada *O bufón de El Rei* (cfr. Carvalho Calero, 1981).

### **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950)**

Naceu en Rianxo, o 30 de xaneiro de 1886, no seo dunha familia mariñeira e ós 10 anos emigrou a Arxentina, onde viviu ata volver en 1900. Estuda a carreira de Menciña e chega a exercer como médico por amor a seu pai, casa en 1912 e ten un fillo en 1913, o cal morrerá ós 14 anos. A pesar de que durante a súa mocidade tiña un fondo orgullo español, como el mesmo describe no seu conto de *Retrincos* “O Inglés”, e rexeita a súa lingua materna; ó volver a Galicia pronto entra en contacto co agrarismo e co galeguismo, participando nas

*Irmandades*, na revista *Nós* ou sendo unha das figuras destacadas do PG e deputado por Pontevedra en 1931, converténdose nunha figura imprescindible para entender o nacionalismo galego. E máis, a pesar de que trala Guerra Civil viuse obrigado a exiliarse en Bos Aires, seguirá levando un intenso traballo a prol de Galicia e do nacionalismo galego até a súa morte en 1950. (Carvalho Calero, 1981; Vázquez Cuesta, 1995). A súa obra *Sempre en Galiza* é considerada por moitos a “Biblia do galeguismo” (Pérez Prieto, 1988).

En relación ó aspecto relixioso, Castelao era cristián pero criticaba duramente á Igrexa, a cal debía ser un elemento liberador e non alienador, e acusábaa de ter servido moitas veces “a un poder que a utilizou como medio colonizador e opresor do noso pobo”. Consecuentemente, diferencia perfectamente entre Xesús e Igrexa e avoga por unha Igrexa galega que se faga eco da vida do pobo galego. Así, no *Diario* presenta unha crítica contra “o modo de ser cristián, que non ten nada de cristián” (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Castelao é ante todo un artista popular, no sentido de que a súa temática soe ser a vida do pobo (cfr. Carvalho Calero, 1981). A súa arte era, en definitiva, un intento de denuncia-los males que sufría o pobo galego. A súa obra é expresionista e realista, xa que consideraba que así podía chegar máis ó pobo. Rexeita a arte que carece de significado aínda que a técnica sexa boa. Por todo isto, era alcumado o “Artista da Raza”. Tamén cómpre recordar que era o encargado da dirección artística da revista *Nós*, da cal fora cofundador. Destaca o álbum *Nós*, onde “está expreso o drama humano e colectivo da nosa Terra, e así mesmo é testemuño do radicalismo de Castelao ante a opresión e a inxustiza”, así como *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Micilians*. Estes tres últimos foron publicados durante a Guerra Civil (Pérez Prieto, 1988).

Á hora de escribir decantouse pola prosa e por unha narrativa cunha linguaxe sinxela e popular, “tinxida de sentimento moral”. É ante todo un narrador humanista e a súa narrativa é fundamentalmente de personaxes e non de acontecementos. Tamén, cómpre dicir que “a novela en Castelao está realizada mediante a xustaposición de pequenas unidades narrativas que tenden a ser complementarias en si mesmas, a constituír relatos con desenlace propio” (Carvalho Calero, 1981). Entre as súas obras, destacan os relatos *Un ollo de vidro*, *Memorias dun esquelete* (1922), *Cousas* (1926), *Retrincos* (1934) e a súa única novela *Os dous de sempre* (1934). Tamén ten unha obra de teatro titulada *Os vellos non deben de namorarse* (1941) e unha obra narrativa publicada postumamente, concretamente *As cruces de pedra na Galiza* (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Castelao gozou dun gran populismo e isto débese a que, como destaca Mariano Donega: “identificase moral e sentimentalmente co seu pobo, en canto sofre e padece” (Pérez Prieto, 1988). Finalmente quería rematar dicindo que Castelao defende a vida rural e se opón ó urbanismo, posto que o considera un atraso (cfr. Gaspar, 1996).

### **Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)**

Naceu en Ourense en 1888, casualmente na mesma casa na que anos atrás nacera Risco, e era fillo dun médico. Doutorouse en Filosofía e licenciouse en Dereito. Por outra parte, tratábase dun *inadaptado* ó igual que Risco ou Cuevillas, pero despois entrou en contacto co galeguismo e é aí como comeza a súa tarefa en prol da lingua e cultura galegas, converténdose nun dos homes máis importantes desta Xeración. A súa obra *Arredor de si* é unha especie de biografía na que se fala deste paso de *inadaptación* á concienciación e loita por mellorar a realidade galega. Tamén cómpre destacar que foi deputado por Ourense en 1931 e que trala Guerra Civil foi suspendido do seu emprego de catedrático, do que non sería repostado até 1949. Morreu en 1976 (Carvalho Calero, 1981).

Respecto ás súas crenzas relixiosas, hai que dicir que era un home profundamente relixioso e que, por mor da influencia romántica, sostén a manifestación de Deus na Natureza galega, na Terra galega e presenta a Deus como liberación para o home e non como opresión, prevalecendo sempre o Deus Pai e non o Deus Xuíz. Polo tanto, consecuentemente, sostén que a Igrexa ten moitos pecados que purgar xa que lle foi “infiel ó pensamento liberador de Xesús e aliouse cos opresores do noso pobo e tamén, defende unha Igrexa galega, vencellada á Terra e ó pobo galegos”. Por outro lado, salienta a admiración polo arcebispo Diego Xelmirez, que pretendía engrandecer Galicia conseguindo a “dignidade metropolitana para a cidade do Apóstolo” (cfr. Pérez Prieto, 1988). A respecto da figura do Apóstolo, tal é como salienta Silvia Gaspar (1996), convérteo no primeiro galeguista, afirmando: “o galeguismo do apóstolo: sant-Yago, o fillo de Zebedeo, é noso, é un galego. Porque o feito do nacemento e voluntario [...] e veu morto prá ser galego e autorizar coa súa lembranza o gran patriarcado d-Occidente” (Nós 80: 153).

Por outro lado, considera a civilización céltica como a base étnica do pobo galego e o sentimento de saudade cobra especial relevancia, considerándoa clave na literatura galega. Cómpre dicir que sostiña que do substrato celta, o home galego herdara unha serie de trazos propios tales como a ironía, o antidogmatismo, a imaxinación e a liberdade, así como a súa base relixiosa de forte unión á Terra (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Ademais de múltiples estudos de xeografía e historia, publicados na revista *Nós*, cultivou tódolos eidos: novela, ensaio, artigo, teatro, conto, poesía e oratoria. A súa obra presenta unha gran perfección estilística, non obstante no acada a profundidade de outros autores como Castelao. Aínda así, é considerado o máis grande creador da prosa culta galega, destacando que “ninguén escribiu tantas novelas como el e ningunha ten abordado con tal luxo de perspectivas a tarefa de plasmar literalmente o ser natural e cultural do país” (Pérez Prieto, 1988). Nas súas novelas os personaxes, lugares e ambientes “son descritos e postos en xogo con rica imaxinación e copia de datos empíricos, aínda que ás veces opera a fantasía”. (Carvalho Calero, 1981). Entre a súas novelas, destacan *Os camiños da vida* (1928), *Devalar* (1935), *O señorito da Reboraina* (1960) ou a xa citada *Arredor de si*; todas estas, ambientadas nos séculos XIX e XX. Con *A romaría de Xelmírez* tentou realizar a grande novela histórica galega de asunto medieval. Tamén hai que dicir que cultivou a narrativa breve e o conto, destacando *Pantelas, home libre* (1924), *Escrito na néboa* (1927), *O purgatorio de don Ramiro* (1926) e coleccións de contos como *Contos do camiño e da rúa* e *Entre a vendimia e a castañeira* (cfr. Carvalho Calero, 1981).

No seu labor ensaístico, “formula unha teoría de Galicia, sendo a súa obra de gran importancia xa que ofrece unha nova visión de Galicia, na súa realidade temporal e espacial, máis completa, ergueita e intensa”. Tamén cultivou esporadicamente a poesía, mais non é un poeta “profesional”. Así, destacan os poemas escritos en *Trasalba* (1955 a 1956) ou os reunidos *Na escolma de poesía galega*. A súa poesía non se diferencia da súa prosa senón polo feito de estar versificada. Tampouco elaborou moitas obras de teatro, pero si que se poden destacar dúas: *A lagarada* e *O desengano do priorio*. (Carvalho Calero, 1981).

Finalmente, gustaríame salientar que o tema principal das súas obras é Galicia, tanto na súa vertente real como na ideal e a lingua empregada caracterízase polo súa “espontaneidade descoidada, levando a súa prosa á vez o selo da improvisación e da inspiración” (Carvalho Calero, 1981).

### **Florentino López Cuevillas (1886- 1958)**

Naceu en Ourense no ano 1886, no seo dunha familia fidalga e moi relixiosa. Licenciouse en Farmacia e durante a súa mocidade caracterizouse por ser un *inadaptado*. Non obstante, ó igual que lles aconteceu ós seus compañeiros do *Cenáculo ourensán* Risco e Otero, entrou en

contacto co galeguismo da man de Losada Diéguez. Participou nas *Irmandades da Fala*, na revista *Nós* e no *Seminario de Estudos Galegos*, sendo elixido xefe da Sección de Prehistoria. Tamén foi nomeado Académico da *Real Academia Galega* en 1941 e dirixente da sección de Prehistoria do *Instituto de Estudos Gallegos "Padre Sarmiento"*. Finalmente, morreu en 1958 na súa cidade natal (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Tratábase dun home moi relixioso que sempre tentou unir os seus dous grandes ideais: Galicia e relixión católica. Ó igual que a maioría dos homes da Xeración *Nós*, sente a Deus na Natureza, na Terra, no pobo e nos costumes galegos. Como Otero, defende que o galego é un pobo esencialmente relixioso e que no cristianismo atopou a súa identidade e “as súas posibilidades de plenitude”. Tamén é importante dicir que defende ó clero e que destaca a súa admiración pola figura do Apóstolo Santiago (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Foi xunto con Risco o principal defensor do celtismo como base étnica, froito do cal “deixou unha inxente obra que el mesmo sistematizou e condensou nun libro científico”: *La civilización céltica en Galicia* (1953) (Lugris, 1963).

Este home, dedicouse ó estudo da prehistoria, sendo considerado por Castelao como “o pai, mestre e guieiro da arqueoloxía e a prehistoria galega” e, aínda que tamén cultivou a prosa e o ensaio, destacou pola súa faceta investigadora. Todo isto unido a que amosa unha profunda preocupación por Galicia e a súa xente, valéronlle o sobrenome de “O arqueólogo da Raza”. Entre os seus libros científicos, ademais de *La civilización céltica en Galicia*, destaca *A idade de Ferro en Galiza* (1968) (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Ademais dos traballos de investigación, deixou un bo número de traballos escritos, algúns dos cales foron recollidos no folleto *Galicia siempre* e, despois, no volume *Prosas Galegas* (1962). Neste último recolléronse os seus mellores artigos e neles aparece proxectado o seu galeguismo. Tamén destaca o folleto *La aurora de la divinidad* (1937), publicado na colección de *Misión*, aínda que neste caso foron escritos de forma anónima; e a recompilación dos seus artigos escritos en *La Región*, baixo o título de *Cosas de Orense* (1964) (cfr. Pérez Prieto, 1988). Tamén destacan os ensaios *As raíces fondas de Galicia* ou *No tempo máis vello*, así como a poesía *Noite na Citania* (cfr. Carvalho Calero, 1981).

“Foi un prosista de moito relevo, dunha grande seguridade na expresión e cunha prosa que atrae porque transparenta sinceridade e idealismo, sen que en ningún caso esas calidades éticas

aminoren ou deterioreen o decoro estético da expresión e a lucidez do pensamento, sendo o seu estilo máis sobrio que o de Otero, pero máis adornado que o de Risco (Carvalho Calero, 1981).

### **Antonio Losada Diéguez (1884-1929)**

Naceu en Moldes (Ourense) no ano 1884. Foi Doutor en Filoloxía e Licenciado en Dereito. En 1913 gañou a súa oposición co número un na cátedra de Psicoloxía, Lóxica, Ética e Rudimentos de Dereito do Instituto Xeral e Técnico de Canarias e morreu no ano 1929 en Pontevedra, o que provocou que a entrega 71 da revista *Nós*, do 15 de novembro de 1929, se lle dedicase (cfr. Carvalho Calero, 1981).

A pesar de que apenas publicou, foi un dos homes máis destacados, respectados e queridos desta Xeración, exercendo unha “influencia máis socrática ca literaria” (cfr. Carvalho Calero, 1981). Así, por exemplo, tal e como reconece Ramón Piñeiro (1963): “a súa rexa fe galega proporcionoulle ó grupo o seu verdadeiro sustrato espiritoal. Tráfundida no entusiasmo dos seus integrantes, esa fe pervive, invísel, na obra espléndida que estes souberon levar a cabo” O cariño e admiración que o resto dos integrantes da Xeración lle tiñan a este home pode verse cando, trala súa morte, Castelao lle di a Otero Pedrayo: “Ramón, tes que escribir a biografía do Losada; eu dou pel da miña pra encadernala”. (Lugris, 1963).

A súa influencia foi fundamental para que Risco, Otero e Cuevillas, ata daquela *inadaptados* e individualistas, se introducisen no galeguismo e no compromiso da loita polo pobo e a lingua galegas. Así, por exemplo Otero Pedrayo afirma:

“Falábase dunha cousa que se chamaban as “Irmandades da Fala”... pero eran cousas que estaban alí e nas que non se reparaba, até que un día coñecín a Antón Losada Diéguez. A el lle debo os meus primeiros achádegos, el foi quen venceu teimudamente o meu escepticismo... O que mais nos chamou da súa personalidade foi a súa capacidade de despertar vocacións. Eso foi o que máis influíu en nós” (Pérez Prieto, 1988).

## **Outros homes da Xeración**

Ademais de Risco, Castelao, Otero, Cuevillas e Losada; houbo outros homes pertencentes a esta Xeración que aínda que non tiveron a repercusión e importancia dos anteriores, tamén levaron a cabo unha actividade importante a prol da cultura, a lingua e o pobo galego, contribuindo ó esplendor literario que xurdiu nese momento e a aparición do nacionalismo. Así que a lo menos merecen ser nomeados.

Así, deberíase nomear Arturo Noguero, membro do *Cenáculo ourensán* e subdirector da revista *Nós* cando xurdiu; Xoan Vicente Viqueira (1886-1924), que era un dos homes máis prometedores da Xeración ata que morreu; Antón Villar Ponte (1881-1936), creador do periodismo galego e das *Irmandades da Fala*; así como o seu irmán Ramón Villar Ponte. (cfr. Pérez Prieto, 1988).

Tamén hai que salientar ó poeta Xavier Prado Lameiro, que foi redactor - xefe da revista *Nós*, a Xaime Quintanilla, un dos fundadores de *Céltiga*; Díaz Baliño ou Blanco Torres (Carvalho Calero, 1981; Pérez Prieto, 1988; Rodríguez González, 2007).

Finalmente, cómpre dicir, que a pesar de nacer uns anos antes, concretamente en 1876, adoita incorporarse a esta Xeración ó poeta Ramón Cabanillas, coñecido co alcume de “o poeta da Raza”, debido ó seu intenso labor en *Nós* (Rodríguez González, 2007).

## **RELACIÓN CO CURRÍCULO**

Aínda que no currículo non se faga referencia explicitamente á aprendizaxe de contidos pertencentes a un determinado período si que se van tratar certos aspectos relacionados coa lingua e co seu fomento e dignificación.

### **Obxectivo xerais da etapa de Educación Primaria.**

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega...
- h) [...] Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.



## **Obxectivos xerais da área de lingua galega e literatura**

- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

## **Contidos curriculares.**

Como a unidade didáctica está destinada ó terceiro ciclo, a continuación mencionarei os contidos de dito ciclo que tratarei.

### **Bloque 1. escoitar e falar.**

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía información relevantes para aprender.
- Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.

## **Bloque 2. Ler e escribir.**

- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situación reais ou simuladas.
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

## **Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.**

- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

### **Relación coas competencias básicas**

Das oito competencias básicas, aquela coa que está máis directamente relacionado é coa “competencia en comunicación lingüística”, pois trátase dunha unidade pensada para levar a cabo na área de lingua galega e literatura.

Tamén se desenvolvera intensamente a competencia de “tratamento de información e competencia dixital” xa que haberá numerosas actividades nas que os alumnos teñan que ser capaces de buscar, obter, analizar e comunicar información, ademais de utilizar os recursos TIC continuamente.

Outra competencia que adquire gran relevancia nesta unidade didáctica é a “competencia de autonomía e iniciativa persoal”, pois o que se pretende a través da metodoloxía empregada é conseguir precisamente que os alumnos sexan capaces de traballar de maneira máis autónoma, que sexan autocríticos, que sexan capaces de elixir por eles mesmos...

A “competencia para aprender a aprender” é outra que está integrada na miña unidade didáctica pois, o fin último que persigo coa metodoloxía empregada, baseada no construtivismo, é que o alumnado sexa capaz de construír o seu propio coñecemento a través dos distintos recursos e materiais que lles proporciono. O obxectivo, polo tanto, é conseguir que os alumnos adquiran a capacidade necesaria para continuar aprendendo de maneira máis eficaz e autónoma.

A “competencia cultural é artística” aparece en actividades nas que os alumnos teñen que facer uso da súa imaxinación, orixinalidade e creatividade co obxectivo de elaborar creacións propias ou outras nas que se pretende que aprecien e gocen coa arte ou outras manifestación culturais.

En relación á “competencia social e cidadá”, hai que dicir que está moi presente, pois en numerosas ocasións o alumnado terá que expoñer as súas ideas, pensamentos ou sentimentos, así como resolve-los conflitos e intentar chegar a un acordo entre eles. Ademais, a través das actividades, pretendo que comprendan algúns aspectos relacionados coa realidade na que viven, tales como a situación da lingua galega na actualidade, por exemplo.

O “coñecemento e interacción co medio físico”, vese reflectido naquelas actividades nas que os alumnos estean en contacto con diferentes aspectos xerados pola acción humana.

A competencia menos significativa é a “competencia matemática”. Aínda que se ben é certo, esta última aparece reflectida nalgún xogo ou actividade, mais aparece dunha maneira moi implícita.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.**

- Coñecer que foi a Xeración *Nós*, as causas que propiciaron a súa aparición e as súas principais características.
- Identificar as principais figuras desta Xeración e as ideas principais do seu pensamento.
- Valorar a importancia do labor desenvolvido polos homes da Xeración *Nós* para a cultura galega.

- Coñecer en que consistiu a revista *Nós* e saber identificar a algún dos seus integrantes.
- Analizar a situación da lingua galega, fomentando o seu uso e respecto.
- Observar as diferenzas entre a prosa e o verso.
- Promover a aprendizaxe cooperativa, o espírito crítico e a autonomía na aprendizaxe.
- Fomentar a creatividade e curiosidade do alumnado.

## **CONTIDOS ESPECÍFICOS.**

- Conceptos de Xeración *Nós*, revista *Nós* e *Irmandades da Fala*.
- Consecuencias da labor dos homes de *Nós*.
- Principais figuras da Xeración *Nós*.
- Análise e reflexión acerca da situación da lingua galega na época da Xeración *Nós* e na actualidade.
- Rigor e precisión na recollida de información.
- Análise de noticias.
- Utilización das TIC.
- Identificación de ideas en material escrito ou audiovisual.
- Exposición de diferentes contidos por parte do alumnado.
- Interese polo tema en particular e pola literatura e a situación da lingua en xeral.
- Respecto pola opinión dos demais compañeiros.
- Colaboración con outros compañeiros nas actividades en grupo.

## **AVALIACIÓN.**

### **Criterios de avaliación curriculares.**

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación. Aposar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.
- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis).

- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias coas contidas nos textos comparando e contrastando informacións variadas.

### **Criterios mínimos de avaliación propios**

- Adquirir uns coñecementos mínimos acerca da Xeración *Nós*, da revista *Nós* e dos persoeiros máis importantes que as integraban, sendo capaces de identificar algunha das súas achegas principais para á cultura galega.
- Coñecer a situación do idioma galego na actualidade e na etapa correspondente á Xeración *Nós*.

### **Procedementos e instrumentos para avaliar ó alumnado**

Para avaliar ó alumnado utilizaría tanto os traballos individuais como os elaborados en grupo, que irían realizando ó longo da unidade didáctica, así como un pequeno control que tería lugar na última sesión. Por outro lado, tamén valoraría o interese, a actitude, a participación... mediante a observación. Para iso iría tomando apuntamentos en distintas sesións, centrándome en cada sesión nun grupo reducido de alumnos, e os recollería nun documento (ver anexo II páx. 52).

A porcentaxe correspondente a cada un deles é a seguinte:

- Control → 20%
- Traballos en grupo → 55%
- Traballos individuais → 15%
- Actitude positiva, interese, participación nas tarefas de aula tanto individuais como en grupo, bo comportamento → 10%.

Sería necesaria ter nunha escala de 10, a lo menos un 3 en cada apartado para aprobar.

### **Avaliación da propia unidade didáctica**

Tería lugar na última sesión e consistiría nun breve cuestionario (ver anexo XXIV, páx. 100) que se lle entregaría ó alumnado unha vez que acabara o control, co obxectivo de mellorar aqueles aspectos que menos lles gustasen, coñecer a súa opinión e as súas inquiredanzas,

descubrir que elementos se poden mellorar e se realmente se conseguiu motivar ó alumnado, así como ver as súas ideas e propostas.

## **CONTEXTO DO CENTRO E TIPO DE ALUMNADO**

Á hora de elaborar una unidade didáctica é fundamental ter en conta o contexto económico, social e xeográfico do alumnado, xa que este resulta determinante.

O centro que vou utilizar como modelo nesta unidade didáctica trátase dun centro que non nomearei pero que existe na realidade. Este Centro Educativo caracterízase por ser un colexio concertado, situado na cidade de A Coruña, polo tanto é un colexio situado nun medio urbano; cun alumnado de clase social media e situado nun barrio de recente creación cun predominio de poboación nova e de clase social media. Por outro lado, esta integrado dentro do *Proxecto Avalar*.

## **CARACTERIZACIÓN GRUPO – AULA**

A aula está composta por 25 alumnos, os cales a pesar das lóxicas diferenzas propias de cada ser humano, se caracterizan por ser un grupo bastante homoxéneo, na que non habería ningún caso detectado de alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado desta clase atópase no último curso de Educación Primaria, como xa sinaléi na introdución e, polo tanto, o normal é que se atopen na etapa piagetiana das *operacións formais*, a cal soe aparecer en torno ós 11 anos e na que o alumnado ten un pensamento formal e xa é capaz de traballar de forma hipotética e abstracta. Aínda que na psicoloxía o establecemento de idades de comezo e final dunha etapa son a modo aproximado e dependen de cada persoa, polo que podería atoparme con alumnos que aínda se encontrasen na etapa piagetiana das *operación concretas*, etapa na que pensan de forma lóxica e sobre obxectos e persoas presentes, pero teñen problemas coas ideas abstractas.

### **Atención á diversidade**

Como xa sinaléi anteriormente trátase dun grupo “homoxéneo”. Está clase non presenta ningún alumnado con ningunha discapacidade ou comportamentos de sobredotación, claro está que sempre hai alumnos ós que lles custa máis esforzo realizar as tarefas encomendadas

ou que tardan máis tempo que outros en realizar as actividades. Polo tanto, non contemplo ningunha adaptación curricular.

Por outro lado, en función de como se desenvolvesen as actividades e trala observación do ritmo de traballo, no caso de que fose mester, elaboraría algunha actividade de reforzo ou de ampliación a aqueles alumnos que o necesitasen, aínda que nun principio tampouco estarían previstas.

### **Organización espacial, materiais e recursos dispoñíbeis**

En relación á organización espacial, será diferente segundo a actividade a realizar. Así nas actividades individuais, os alumnos estarán colocados en cinco filas con cinco mesas individuais en cada fila, nas de grupo xuntarán as súas mesas (ver anexo III, páx. 53), mentres que cando haxa debates distribuiranse formando unha especie de cadrado (ver anexo III, páx. 53).

En relación ós materiais e recursos dispoñíbeis na aula cómpre salientar que se trata dun Centro subscrito ó *Proxecto Avalar* e, polo tanto, dispón dun ordenador portátil para cada alumno e de Pantalla Dixital Interactiva (en diante, PDI) para tódalas clases de sexto de Primaria. Ademais conta cos materiais que habitualmente se atopan en tódalas aulas como encerado, xices, tesoiras, cola, cores....

Para algunha actividade utilizarei algún material concreto como pode ser o “Xogo da Xeración *Nós*” creado para a primeira actividade ou algunha noticia que teñen que analizar, así como a utilización dalgún recurso informático como o LIM. Non obstante, estes materiais adicionais e que se usarán en determinadas actividades, xa serán nomeados e especificados nas correspondentes sesións.

### **METODOLOXÍA E PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE**

O modelo de ensino - aprendizaxe levado a cabo nesta unidade didáctica, está bastante ligado ó construtivismo, teoría baseada en que, dando ó alumnado as ferramentas necesarias, sexa este quen constrúa o seu propio coñecemento. Consecuentemente, o papel do mestre non é o de simple transmisor de coñecementos, senón que realizará unha función de “guía”, ademais

de proporcionar os materiais cos que traballará o alumnado, resolver dúbidas, formular as cuestións iniciais nos debates ou mediar nos mesmos, dando a quenda de palabra.

Aínda que haberá algunha actividade que se resolverá individualmente, a maioría serán actividades en grupo. En relación ós agrupamentos estes serán de cinco membros, sempre os mesmos integrantes e feitos ó azar para que se acostumen a traballar con tódolos compañeiros. Polo tanto, fomentárase o traballo en equipo e a colaboración entre compañeiros.

Empregarei unha metodoloxía que fomente a autonomía, a colaboración, a participación, a toma de decisións conxuntas, a reflexión crítica, utilizando para iso actividades que fomenten a creatividade e que resulten motivadoras, pois a motivación é un factor fundamental para levar a cabo a aprendizaxe, posto que se os alumnos non se senten motivados aprenderán menos.

## **SECUENCIA DE ACTIVIDADES**

Esta unidade didáctica levaríase a cabo a mediados do segundo trimestre e no terceiro, de maneira lineal.

Cada sesión duraría unha hora aproximadamente, xa que este o período marcado para cada clase da materia de Lingua galega e literatura.

### **Sesión I**

Antes de comezar a falar do tema en si, pasaríalle un cuestionario individual ós alumnos (ver anexo IV, páx. 54), para ver os coñecementos previos cos que parten, tanto en relación coa Xeración *Nós* como coa situación da lingua galega, así como detectar posíbeis prexuízos que teñan cara o idioma galego.

Na segunda parte da sesión, explicaríalles o funcionamento do “Xogo da Xeración *Nós*”, o cal está inspirado no Xogo da Oca. Ó igual que o Xogo da Oca, que ten os seus inicios na representación do Camiño de Santiago, o meu xogo tamén recolle en certo modo esta idea, xa que agás nas casas “especiais”, o resto serán diferentes pobos galegos polos que na actualidade discorre o Camiño Francés.



O “Xogo da Xeración *Nós*” (ver anexo V, páx. 56) está composto por trinta e dúas casas e para xogar hai que usar dous dados.

O primeiro dos dados, elaborado polo profesor e de cor amarela é o que permite avanzar ós xogadores, mais este non é un dado convencional, pois soamente ten ata o número tres, de modo que os números “un”, “dous” e “tres” aparecerían dúas veces cada un (ver anexo VI, páx. 58).

Unha vez lanzado o dado amarelo e movida a súa ficha á casa correspondente, o alumno tería que volver a tirar outro dado, convencional e de cor branca (ver anexo VI, páx. 58). En función do número que obtivese, tería que coller unha carta dunha cor determinada.

- No caso de obter un “1”: terían que coller unha carta de cor vermella. Estas cartas están relacionadas cos antecedentes da Xeración *Nós* (ver anexo VII, páx. 59). O alumno collería a carta e leríaa en alto. A continuación tiraríaa o seguinte xogador.
- No caso de obter un “2”: carta de cor verde. Estas cartas están relacionadas coa Xeración *Nós* (ver anexo VIII, páx. 62) O alumno collería a carta e leríaa en alto. Logo, pasaríalla a un xogador que estivese a carón del. Este último faríalle unha pregunta relacionada co que acabou de ler. Se acerta queda na casa que está, mentres que se erra ten que volver á casa na que estaba anteriormente.
- No caso de obter un “3”: carta de cor branca. A diferenza de tódalas demais non están numeradas e conteñen nomes de persoeiros pertencentes ou relacionados coa Xeración *Nós* (ver anexo IX, páx. 65). Habería dezoito nomes diferentes e cinco repeticións de cada carta. Cando un alumno tivese catro cartas de persoeiros diferentes no caso de caer na casa da morte, a 29, en vez de volver a comezar, situaríase na casa 28 e tocaríalle ó seguinte alumno.
- No caso de obter un “4”: carta de cor azul, relacionadas coa *revista Nós* (ver anexo X, páx. 68). O funcionamento sería idéntico que no caso de obter un “2” .
- No caso de obter un “5”: carta de cor rosa, relacionada coa situación política na época da Xeración *Nós* (ver anexo XI, páx. 71). O alumno collería a carta e leríaa en alto. A continuación tiraríaa o seguinte xogador.
- No caso de obter un “6”: carta de cor púrpura. Están relacionadas con acontecementos que tiveron lugar logo de 1936 (ver anexo XII, páx.74). O alumno collería a carta e leríaa en alto. A continuación tiraríaa o seguinte xogador.

As cartas de cores, agás as dos persoeiros, que se obteñen ó sacar un “3”, estarían numeradas e serían baralladas ó comezo do xogo.

No entanto, non en tódalas casas hai que tirar o dado convencional, posto que hai una serie delas que son “especiais”:

- As casas 3, 13, 18 e 24, nas que aparece escrita a palabra *Xeración*. Ó caer nunha destas casas, o alumno terían que avanzar a súa ficha ata unha das casas que poñía *Nós*, á vez que repite: “de Xeración a *Nós* e tiro porque son moi bo”. O alumno volvería a tirar. Se cae nunha casa que pon *Nós* ó lanzar o dado, é dicir, sen ser polo efecto de caer na casa *Xeración*, non ocorrería nada, xa que quedaría nesa casa e tería que esperar á súa quenda para volver tirar.
- As casas 7 e 10, nas que aparece unha foto de Florentino Cuevillas. Se caen na casa sete, avanzarían ata a dez, namentres que se caen na dez, terían que retroceder ata a sete. Cada vez que un xogador cae nunha destas casas ten que repetir: “de Don Floro a Don Floro. Avance ou retroceda, non choro”. O alumno situaríase na casa correspondente e tiraría o seguinte compañeiro.
- A casa 22: o albergue de Melide. O alumno que caía nesta casa terá que estar unha rolda sen tirar.
- A casa 29, na que aparece o símbolo da morte, o cal está inspirada nunha imaxe de Castelao. O alumno que caía nesta casa deberá volver á casa de saída.

As regras e as situación derivadas de caer nunha casa “especial”, poñeríanse na PDI para que os alumnos as puidesen consultar en calquera momento en caso de dúbida. Ademais, o profesor andaría continuamente movéndose pola clase, para observar se o funcionamento do xogo é o axeitado.

## **Sesión II**

Ó longo desta sesión, formaríanse, ó azar, grupos de cinco. Estes grupos serían permanentes, de modo que serían os mesmos en sesións posteriores nas que houbera que traballar en grupo. Non obstante, a pesar de agrupárense, este é un xogo individual.

Volveríalles a recordar as regras, volvendo estas a aparecer na PDI. Logo, os alumnos estarían o resto da sesión xogando ó “Xogo da Xeración *Nós*”.

### **Sesións da III á XI (ámbolas dúas incluídas)**

Nesta sesión, a cada grupo adxudicárase por sorteo un persoeiro importante da Xeración *Nós*, sendo as opcións: Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas e Losada Diéguez.

Cada grupo disporía de ordenadores portátiles e tería que buscar información na Internet, imaxes, recortes de periódicos... sobre a persoa que lle tocou, para despois elaborar unha breve presentación en Power Point, a través da cal exporían oralmente a información ós seus compañeiros. Facilitaríanselle páxinas e incluso vídeos nas que poderían obter información, (ver anexo XIII, páx. 77), aínda que tamén poderían buscar en enciclopedias ou noutras páxinas non incluídas nesta listaxe, sempre é cando lle mostrasen esa páxina ó profesor e este dese o visto bo. Por outra banda, o mestre poñería insistencia na importancia de seleccionar a información e de que non copiasen e pegasen.

Ademais da presentación terían que elaborar 10 preguntas no programa LIM, cuxo funcionamento lles explicaría. Este programa informático permite elaborar preguntas e as respostas a esta pregunta, das cales só unha pode ser válida. Eles converteríanse en presentadores e cando tivesen que expoñer cada membro do grupo faría dúas destas preguntas ós compañeiros que quixesen, pero coa norma de non preguntar sempre as mesmas persoas, de modo que un alumno que xa interviñese non poderá volver responder ata que participasen o resto de compañeiros.

En función da resposta que dese o compañeiro, o “presentador” marcarían dita opción na PDI e o propio programa xa che indica se a resposta é correcta ou non.

A modo de exemplo, elaborei unha posíbel pregunta que podería crear o grupo que ten como persoeiro a Vicente Risco, mostrando os pasos seguidos polo alumnado e o que ocorre cando se acerta ou erra a resposta (ver anexo XIV, páx. 79).

### **Sesión XII**

O termo de Xeración *Nós* xa apareceu no “Xogo da Xeración *Nós*” e ó longo das diferentes exposicións en grupo que terían lugar entres as sesións III e XI.

Ó comezo desta sesión, faríamos un repaso. Así, iniciárase unha posta en común que duraría sobre vinte e cinco minutos, e no que se tratarían as seguintes cuestións: Que é a Xeración *Nós*? Que teñen que ver os escritores que trataron nas sesións anteriores coa Xeración *Nós*?

Que teñen en común os homes de *Nós*? Teñen algo que ver as *Irmandades da Fala* coa Xeración *Nós*?

Ata o de agora en ningunha actividade aparece a explicación do nome desta Xeración, feito intencionado, pois na segunda parte desta sesión os alumnos individualmente terían que inventar unha breve historia a modo de lenda, mito ou de relato histórico sobre a orixe deste termo. O que me interesa desta actividade é que usen a imaxinación e a redacción, pois está claro que non busco que acerten o motivo polo cal recibiu este nome. Ó final da clase recollería os seus traballos e nos últimos minutos explicaría cal é a verdadeira orixe a que se debe, información que recollo no apartado de “coñecementos máis relevantes” (ver páx. 22).

### **Sesións XIII e XIV**

Nestas sesións, levaríase a cabo a actividade “Creamos a nosa revista *Nós*”.

En sesións anteriores xa se trataron diferentes aspectos en torno á *revista Nós*. Así que ó comezo da sesión repasaríamos brevemente, entre cinco e dez minutos, en que consistía, quen participaba nela, a súa importancia, etcétera.

Despois, os alumnos xuntaríanse en grupos e a cada grupo asinaríase un tema por sorteo, sendo os temas: celtismo, relixión, campesiñado e/ou fidalguía, Santiago e natureza. Dentro do seu tema, poderían tratar calquera aspecto sempre que estivese relacionado co tema.

Despois, por grupos, deberían crear un documento de Word no que incluírían, por un lado, noticias que atopasen relacionadas co tema adxudicado e, por outro, elaborarían creacións propias nas que inventasen algunha noticia relacionada co seu tema.

Para esta actividade disporían dos ordenadores portátiles cos que conta a aula.

Ó finalizar a segunda sesión. recollería os traballos cun Pen e xuntaríaos para, así, ter o primeiro número da “nosa revista *Nós*”.

### **Sesión XV**

Nesta sesión presentaríalles unha ficha que diría o seguinte: Vicente Risco era coñecido como o “etnógrafo da Raza”, Cabanillas como o “poeta da Raza”, Cuevillas como o “arqueólogo da Raza”, Castelao o “artista da Raza e Otero Pedrayo era o xeógrafo e historiador.

En primeiro lugar terían que buscar o significado do termo asociado ó seu autor. Para esta actividade poderían utilizar o dicionario da Real Academia Galega (en diante RAG), ou usar outros dicionarios *on line*.

Despois terían que elaborar unha redacción na que explicasen en que consiste a profesión asociada ó seu persoeiro e a razón pola cal cren que recibiu este alcume.

Trátase dunha actividade individual e na que os escritores serían asignados ó azar.

### **Sesión XVI**

Na primeira parte desta sesión, os alumnos lerían en alto a redacción que elaboraron na sesión anterior.

Despois traballaríamos co conto *O Rei avarento*, de Vicente Risco (ver anexo XV, páx. 81).

Cada alumno tería unha copia do conto e diferentes alumnos irían lendo en voz alta. Á vez que se fai a lectura do conto, os alumnos terían que subliñar aquelas palabras que non entendesen.

Unha vez lido o conto, entre todos comentaríamos en gran grupo o argumento arredor do cal xiraba. Despois cada alumno, buscaría aqueles termos que non coñecía no dicionario, para elaborar un glosario con ditas palabras.

### **Sesións XVII-XXI (ámbolas dúas incluídas)**

En grupos de cinco, representarían unha pequena parte da historia relacionada co conto *O Rei avarento*, lido na sesión anterior.

Poderían representar algún fragmento dese conto, inventar outro final, inspirarse nesa obra pero elaborar outra cambiando algún elemento, etcétera. É dicir, terían bastante liberdade, pois o que pretendo é que usen a súa imaxinación e sexan creativos.

Non tería que ser unha representación moi longa, cunha duración de menos de 10 minutos. Ó longo destas sesións, deberían pensar como se ían distribuír no escenario, que vestuario levar, que diálogo van ter, etcétera.

Na sesión XXI, representaríanse as obras na aula.

Esta actividade non contaría para a cualificación final, soamente tomaría apuntamentos acerca da actitude, o interese, o comportamento... Sería, unha actividade para gozar do teatro e que serviría para desinhibir a aqueles alumnos que son máis tímidos. Non valoraría a calidade da súa interpretación, senón o interese que lle poñan.

### **Sesión XXII**

Na sesión XXII, elaborarían individualmente un cómic, de arredor de oito viñetas, sobre algún aspecto que lles chamase a atención acerca da Xeración *Nós*, ben sexa algo tan xeral como a evolución da revista *Nós* dende o seu nacemento ata a súa desaparición, ben sexa algún aspecto moi concreto como, por exemplo, algunha situación moi particular sobre algún persoeiro, sobre as *Irmandades da Fala*... É dicir, terían liberdade absoluta, o único que se lles pediría é que estivese relacionado coa Xeración *Nós*.

### **Sesión XXIII**

Entregaríalles unha ficha que contería un texto en prosa, concretamente *Conto sinxelo* (ver anexo XVI, páx. 86), escrito por Losada Diéguez no terceiro número da *Revista Nós*, e unha poesía de Xavier Prado Lameiro tamén publicada na revista *Nós* e que ten por título ¡Ten fe, poeta! (ver anexo XVII, páx. 88).

A razón pola cal escollín estes dous textos e que foron extraídos directamente da propia revista *Nós*, polo cal non se adaptou a súa forma de escribir ás normas ortográficas vixentes.

Leríamos en voz alta os dous textos e logo comentaríamos entre todos as diferenzas que observan entre eses textos e calquera das noticias e textos cos que traballaron en sesións anteriores. O obxectivo que pretendo e que vexan que a forma de escribir non era o mesma, pois os idiomas van evolucionando.

Despois, tamén falaríamos das diferenzas principais entre a poesía e a prosa, así como as diferenzas entre rima consonante e asonante.

### **Sesión XXIV**

Nesta sesión, os alumnos escoitarían tres cancións e o procedemento vai ser sempre o mesmo: primeiro escoitaríana cos ollos fechados. Unha vez escoitada, comentarían que sentimentos esperta neles esa canción e sobre que pensan que trata. A continuación entregaríalles unha

folla na que aparecese a letra da canción e volveríana escoitar, para volver comenta-la unha vez rematada.

As tres cancións que escoitarían son:

- *Lela*, cantada por Dulce Pontes e cuxa letra foi escrita por Castelao para a súa obra de teatro *Os vellos non deben de namorarse* (ver anexo XVIII, páx. 89).
- *Chove en Santiago*, cantada por Luar na Lubre e cunha letra escrita por Lorca nun dos seus *Seis poemas galegos* (ver anexo XIX, páx. 90).
- *Adiós ríos, adiós fontes*, interpretada por Lucía Pérez. Esta canción é un poema de Rosalía de Castro (ver anexo XX, páx.91).

En todas estas cancións fálase do sentimento cara a terra e da natureza, cuestións todas elas moi presentes nos homes de *Nós*.

Finalmente, os alumnos terían que elaborar un ou dous pareados sobre Galicia: sobre a terra galega, sobre o sentimento da raza, sobre a natureza, etcétera. Téñeno que estruturar en versos. Logo en alto, cada un cantaríao no estilo musical que el quixese: rap, regueifa, *reguetton*, flamenco..., podendo inspirarse no ton dunha canción que exista e que adapten á súa letra.

### **Sesión XXV**

Veríamos o capítulo *Nación de Breogán*, da serie *Historias de Galicia*, centrándonos sobre todo a partir do minuto vinte, no que se fai referencia á vida de Castelao, incluíndo unha gravación súa, falando, entre outros aspectos, das *Irmandades da Fala*.

Tras remata-la visión do vídeo, comentaríamos as ideas principais que Castelao expón en función de cales considera que son os problemas de Galicia nesa época, así como a maneira de plasmar todo iso a través dos debuxos. Ademais, tamén, faría especial fincapé na idea que expón de que ós nenos se lles dicía que falar en galego era falar mal.

A diferenza de outros homes de *Nós* acadou un gran populismo. Iniciaríamos un novo debate, que xurdiría trala formulación desta pregunta: A que credes que se debe? Logo, ó final da sesión, poñería o vídeo do traslado do seu corpo para que vexan o agarimo que lle tiña o pobo.

## **Sesións XXVI-XXVII (ámbolas dúas incluídas)**

Na sesión anterior, a través do primeiro vídeo, os alumnos xa comprobaron como Castelao denunciaban cos seus debuxos os males que sufría Galicia. Nesta sesión traballaremos con diferentes imaxes de Castelao.

Entregaríalle ós alumnos unha ficha na que se incluírían seis debuxos feitos por Castelao (ver anexo, XXI páx. 93) e nas que se plasman diferentes situacións como a emigración ou o caciquismo.

Unha vez analizadas as imaxes, os estudantes agruparíanse e cada grupo centraríase nun debuxo. Cada grupo escollería a súa imaxe e no caso de que dous ou máis grupos quixesen empregar a mesma, decidiríase por sorteo o grupo que a utilizaría.

Dependendo da situación que presenta o debuxo, os alumnos terían que facer un mural no que poden poñer imaxes, documentos, recortes de revistas, escribir... sobre o tema que trataba Castelao na viñeta que lles tocou, ben facendo referencia a época da Xeración *Nós*, ben facendo referencia á Galicia actual ou ben mesturando ámbolas épocas. Sería decisión súa, en función da relevancia que lle concedan a unha ou outra situación.

## **Sesión XXIX**

Visualizaríamos o capítulo *Lingua de reis, lingua do pobo*; da serie *Historias de Galicia*. Neste vídeo, móstranse as diversas situacións que viviu o idioma galego dende a Idade Media ata a actualidade.

Despois de visualizar o vídeo, faríamos un debate sobre a situación de Galicia, nas épocas das que se falan no vídeo.

Tamén analizaríamos a seguinte frase que se menciona no vídeo: “o rexurdimento cultural vai vir acompañado dun retroceso no uso oral na lingua, é dicir xorden escritores e obras en galego pero ó mesmo tempo o galego vai perder falantes, sobre todo nas cidades” e falaríamos de cales pensan que foron as razóns que propiciaron esta situación.

Por último, trataríamos as seguintes cuestións: onde se atoparían os homes de *Nós*? Noméanos no vídeo?

Por exemplo, aínda que non aparece o termo de Xeración *Nós* si que aparecen nomeadas as *Irmandades da Fala* ou persoeiros desa época coma Castelao.



### **Sesión XXX**

Nesta sesión, analizaríamos a situación actual do idioma galego, a través dunha noticia publicada no Faro de Vigo. A súa autora e alemá e compara a situación do galego coa situación que se vive en Múnic co bávaro (ver anexo XXII, páx. 97).

En grupos, terían que extraer as ideas principais, apuntándoas nunha folla e expoñendo, de maneira argumentada, se están de acordo coas ideas da autora.

Antes de rematar a sesión, levaríase a cabo un debate, articulado arredor das seguintes cuestións:

- “Veo el riesgo de que desaparezca, sobre todo, en las ciudades”. Credes que o galego podería acabar desaparecendo? Gustaríavos que is pasase?
- Hai linguas con máis prestixio que outras? Por que?
- Johanna confía en que os mozos "descubran el valor de la lengua gallega porque es una expresión de la identidad". Estadés de acordo con esta afirmación?
- “No debe ser bochornoso hablar en gallego, sino una expresión de la personalidad. Muchos ya lo han entendido, pero desgraciadamente están en inferioridad numérica”. Que pensades acerca desta afirmación?

### **Sesión XXXI**

Veríamos o vídeo *A memoria da lingua*.

Coñecida a situación de Galicia na actualidade e de fai uns anos, tanto a través deste vídeo como dos vídeos e actividades de sesións anteriores, dividiríamos a clase en dous grupos. A metade da clase imaxinarían que son intelectuais de *Nós* e a outra metade que son políticos que están a gobernar. A actividade chámase: “Pasa á acción”.

Os intelectuais de *Nós*, terían que pensar cales serían as súas reivindicacións para mellorar a situación da lingua galega na actualidade, mentres que os políticos terían que pensar que medidas poderían poñer en marcha para mellor a situación do idioma. Terían dez minutos para pensar e logo faríamos unha posta en común debatendo de se todos están de acordo coas propostas ou non, argumentando as súas opinións en todo momento.

## **Sesión XXXII**

É a sesión derradeira e nela tería lugar a realización do control (ver anexo XXIII, páx. 99). Segundo, os estudantes fosen acabando o control, terían que responder ó cuestionario no que se inclúe a avaliación da propia unidade didáctica e unha autoavaliación do alumnado (ver anexo XXIV, páx. 100).

## **CONCLUSIÓNS E IDONEIDADE DE APLICACIÓN**

Por todo o exposto en apartados anteriores, considero que debería ser un tema a tratar nas aulas de Educación Primaria xa que, por un lado, fai referencia a un dos períodos máis importantes para a literatura galega e, por outro, ofrece multitude de recursos para traballar na aula outros contidos relacionados coa lingua e a literatura galegas.

Creo que con todas as sesións e actividades formuladas, os alumnos adquirirían unha bagaxe de coñecementos o suficientemente ampla acerca desta Xeración. Por outra banda, penso que ó longo da unidade se fai unha análise bastante profunda acerca da situación que vive e viviu o idioma galego.

Ben é certo que se trata dunha unidade didáctica que, aínda que considero que se podería levar a cabo sen ningún problema nunha aula, non tivo unha aplicación didáctica real. Polo tanto, non se pode saber exactamente como funcionarían estas actividades nunha aula. No entanto creo que estas, ó ser de diversa índole e moitas veces inspiradas en xogos ou empregando diferentes recursos como vídeos ou postas en común, poderían resultar motivadoras e interesantes para o alumnado.

En referencia a temática, tamén opino que lles pode resultar atraínte en si mesma, no senso de que aqueles aspectos que están relacionados coa nosa realidade máis próxima sempre espertan máis curiosidade.

Esta proposta didáctica está planeada para levar a cabo en trinta e dúas sesións, pero esta é unha temporalización aproximada, pois no caso de que se levase a cabo na vida real, estaría influenciada por múltiples factores que poderían alterar este proceso. Mais nun principio considero que si é unha aproximación adecuada.

## **Anexo I: índice de autores da revista *Nós***

Non se trata do índice completo, senón dunha pequena mostra dalgúns dos homes que participaron na revista *Nós*, incluídos no índice de autores do número 145 da Revista. Só vou incluír os autores cuxo primeiro apelido atópase entre as tres primeiras letras do abecedario, co obxectivo de dar unha idea do elevado número de autores que participaron nesta revista.

A. Cuevillas (Julio)	Blanco Amor (Eduardo)
Acuña (Manuel Luis)	Blanco Torres (Roberto)
Agra Cadarso (Alexandre)	Bouza Brey (Fermín)
Almeida (Guilherme de)	Bouza Brey (Luis)
Álvarez Gallego (Xerardo)	Bouzo (Manuel)
Álvarez Limeses (Xerardo)	Cabada Vázquez (Xosé M.)
Álvarez Novoa (Alejos)	Cabeza de León (Salvador)
Antunes (Joao)	Canedo (J)
Arias Sanxurxo (Xoquín)	Carballeira (Johán)
Astorga (Xan)	Carballo (Amado)
Aznar Ponte (Xan)	Carballo Calero (R.)
Bal (Jesús)	Cardoso (Mario)
Basto (Claudio)	Carré Aldao (Uxío)
Barja (Nemesio)	Carré (Leandro)
Basto (Claudio)	Carro García (Xesús)
Bello Piñeiro	Casas (Álvaro de las)
Bergueiro López (M.)	Casas (Aucusto María)
Bernárdez (Francisco Lois)	Castelao
Blanco Abeijón (Fernando)	Castillo (A. del)

Castro Dono (Alfonso)

Correa Calderón (Evaristo)

Castro Gil

Cortón de Arroyo (Luis)

Castro Lorenzo (Francisco)

Cotorelo Valledor (Armando)

Castroviejo y Blanco-Cicerón (Xosé M<sup>a</sup>)

Couceiro Freijomil (Antonio)

Certima Cunha Barros (Antonio de)

Cunqueiro (Álvaro)

Cid (Tomás)

Curros Enríquez (Manuel)

Cidade (Hernani)

Chaucey Ross (Marvin)

Coimbra (Leonardo)

...

**Anexo II: documento de recollida de información en relación á actitude e ó comportamento do alumnado**

Cada un dos números situados nas columnas á dereita do nome corresponden a 5 ítems :


- 1-Interese.
- 2- Actitude positiva.
- 3- Colaboración e participación nas actividades de grupo.
- 4- Mostra atención ás explicacións e non molesta ou impide que o resto de compañeiros leven a cabo as súas actividades.
- 5- Amosa respecto pola opinión dos demais compañeiros e participa nas postas en común e debates.

Nº	Apelidos	Nome	1			2			3			4			5		
1																	
2																	
3																	
4																	
5																	
6																	
7																	
8																	
9																	
10																	
11																	
12																	
13																	
14																	
15																	
16																	
17																	
18																	
19																	
20																	
21																	
22																	
23																	
24																	
25																	


Táboa 1: recollida de información en relación á actitude e comportamento do alumnado.

**Anexo III: distribución do espazo nas actividades en grupo e debates**

 → Mesa alumno       → Mesa profesor



**Figura1: organización en actividades de grupo.**



**Figura2: organización en actividades de debate.**

## **Anexo IV: proba de exploración de ideas previas**

---

Nome:

---

---

Data:

---

**1. Que significado ten para ti a palabra 'nós'?**

**2. Que cres que pode significar o termo 'Xeración Nós'?**

**3. Cales destes nomes che resultan familiares? De que? Sabes que son ou o que fixeron? Sabes se fixeron algo importante?**

Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Losada Dieguez, Risco, Antón Villar Ponte, Ramón Cabanillas, Fermín Bouza Brey e Prado Lameiro.



**4. Usas habitualmente o galego? Por que?**

**5. Pensas que hai linguas mellores ca outras? Por que?**



## Anexo V: imaxes do “Xogo da Xeración Nós”





Anexo VI: dados do “Xogo da Xeración Nós”




Figura 3: dado para avanzar.




Figura 4: dado para coller unha carta de cor.

## Anexo VII: cartas dos antecedentes da Xeración Nós

1

Durante a Idade Media, a literatura galega viviu un período de esplendor.

2

Na Idade Moderna, practicamente non se escribiu en galego. A este período coñéceselle co nome de *Séculos Escuros* (s. XV ata comezos do XIX).

3

Aparición do *Romanticismo* a finais do século XVIII.

4

Debido á influencia do *Romanticismo*, tivo lugar en Galicia o *Rexurdimento*.

5

As principais figuras do *Rexurdimento* foron Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.

6

O *Romanticismo* tamén favoreceu que se perfilase o concepto de celtismo e a consideración de Galicia como unha nación con pasado celta.

7

Murguía e Eduardo Pondal foron dous dos principais defensores do pasado celta de Galicia.

8

Manuel Murguía foi o primeiro en establecer unha separación entre España e Galicia, aparecendo os termos Norte (Galicia) e Sur (España).

9

Xosé Cornide (s. XVIII) denunciou o atraso económico, a emigración e o colonialismo sufrido por Galicia.

10

Fray Martín Sarmiento (s. XVIII) denunciou a perda do idioma galego na linguaxe oficial e a necesidade de que a Igrexa utilizase o idioma galego.

11

Ata a aparición de *El Regionalismo* e de *Acción regionalista gallega* (segunda metade do s.XIX) a reivindicación dos valores culturais, económicos e administrativos de Galicia non gozaron dunha formulación teórica.

12

Anteriormente á etapa rexionalista, houbo unha etapa de provincialismo (1840-1868) e outra de federalismo (1868-1885)

13

Os grandes problemas que presentaba o agro galego e a crise derivada pola perda das colonias en 1898, propiciou que a poboación buscase unha “vía de escape” no galeguismo.

14

Os intelectuais galeguistas comezaron a incorporar as demandas agrarias ás súas propostas (finais do s. XIX/ comezos do s. XX).

15

A figura máis destacada do rexionalismo foi Alfredo Brañas.

Brañas morreu en 1900 e o seu partido desapareceu.

16

Aparición de *Solidariedade Galega* en 1907, co obxectivo principal de defender Galicia, “gabando a historia e o porvir de Galicia”

17

A I Guerra Mundial (1914-1918) provocou o xurdimento de moitas nacións independentes e consecuentemente, propiciou a euforia nacionalista e a exaltación das minorías étnico-sociais.

18

O triunfo do comunismo en Rusia (1917), ó que ven como unha ameaza contra o catolicismo.

## Anexo VIII: cartas están relacionadas coa Xeración Nós

1

A Xeración *Nós* está composta por un grupo de intelectuais nados na década de 1880 e que se fan coñecidos para o público arredor do ano 1920.

2

A esta Xeración tamén se lle atribúe o termo *Segunda Renacencia* ou *Segundo Rexurdimento*.

3

O seu obxectivo principal era a defensa da lingua e cultura galegas.

4

A maior parte dos homes desta Xeración tiñan unha posición acomodada, como era o caso dos homes do *Cenáculo ourensán*.

Non obstante, algún como Castelao tiveron unha orixe máis humilde

5

O *Cenáculo ourensán* estaba integrado, entre outros homes, por Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas

6

Os homes do *Cenáculo* considerábanse a si mesmos, durante a súa mocidade, como *inadaptados*

7

Os *inadaptados* caracterizábanse polo seu forte individualismo e pola busca do exótico.

8

O cambio de pasar dunha conciencia de *inadaptación* a outra galeguista de apego á terra e de defensa de Galicia, debeuse ó pulo das *Irmandades da Fala* e á figura de Diéguez Losada.

9

As *Irmandades da Fala*, fundadas en 1916, tiñan como obxectivo a defensa do idioma galego.

10

Estes homes ven en Europa o progreso, a cal idealizan, defendéndoa coma un ente supraestatal.

11

Rememoran a idea do *Atlantismo* e de que os galegos provimos da raza celta.

12

Seguindo a idea do *Atlantismo* ven necesario, achegarse ós países que comparten un pasado celta.



13

A pesar de ser conscientes de que na sociedade e no contexto no que se atopan non son posíbeis moitos dos seus ideais, como consecuencia dese gusto de volta ó pasado glorioso, defenden o atractivo do “universo atlántico, no cal se atopan os factores fundamentais da súa singularidade, ruralismo e situación occidental”.

14

Importancia da Terra, xa que van máis aló da perspectiva xeográfica e danlle valor en si mesmo.

15

A pesar de presentar ideas diferentes respecto á Igrexa, adoitan ser bastante relixiosos.

16

Defenden a idea de que Deus está na natureza, na Natureza galega, e que o seu amor é o agarimo á Terra.



17

Importancia da figura do Apóstolo Santiago, do cal eliminan a súa faceta de guerreiro, véndoo como un guieiro.

18


Os seus homes cultivaron sobre todo a prosa.

Anexo IX: cartas de persoeiros relacionados coa Xeración Nós







**Xavier Prado  
Rodríguez "Lameiro"**



**Antón Villar Ponte**



**Ramón Villar Ponte**



**Fermín Bouza Brey**



**Arturo Nogueroles Buján**




**Xaime Quintanilla**




**Ánxel Casal**



**Xoán  
Vicente Viqueira**



**Camilo Díaz Baliño**



**Roberto Blanco Torres**



**Xosé Fernando  
Filgueira Valverde**



**Evaristo  
Correa Calderón**

**Anexo X: cartas relacionadas coa revista *Nós***

1

Fundouse en 1920, en Ourense.

2

Revistas antecesoras, entre outras:

*O tío Marcos da Portela*

*El Heraldo Gallego*

*A Nosa Terra*

3

O seu primeiro director foi Vicente Risco.

4

O seu primeiro subdirector foi Arturo Noguero.

5

Nos seus comezos, o redactor - xefe foi Xavier Prado Lameiro.

6

Castelao ocupábase fundamentalmente da parte gráfica.

7

O seu obxectivo era a potenciación e valoración da cultura galega

8

Ademais da obra literaria que cada un dos seus homes ía aportando, cada un deles comprometeuse a investigar un eido da realidade galega

9

As áreas máis cultivadas foron literatura, máis do 50% de toda a revista, seguida da etnografía e folclore e da arqueoloxía.

10

Os temas políticos, económicos e relixiosos apenas aparecen reflectidos

11

En 1923 creouse o Seminario de *Estudos Galegos* e nel destacaron persoeiros como Bouza Brey ou Filgueira Valverde.

12

O *Seminario de Estudos Galegos*, tiña por obxectivo a formación de investigadores e o estudo científico de Galicia.

13

Debido a problemas económicos a súa sede trasladouse a Pontevedra en 1923, a Coruña en 1925 e a Santiago en 1931.

14

Cando a administración da revista se traslada á Coruña, a dirección pasa a ser asumida por Ánxel Casal.

15

Entre 1923 e 1925 non se publicou nada, como consecuencia da ditadura de Primo de Rivera.

16

En 1925, elixiuse o Día do Apóstolo, 25 de xullo, como data para volver a publicar.

17

A revista desaparece en xullo de 1936, debido ó inicio da Guerra Civil.

18

Publicouse un número “póstumo” co obxectivo de conmemorar o 50 aniversario do seu nacemento.

**Anexo XI: cartas relacionadas coa situación política na época da Xeración Nós**

1

O nacionalismo galego iniciase coa fundación das *Irmandades da Fala* (1916), destacando a figura de Antón Villar Ponte.

2

En 1916, aparece a *Nosa Terra* como voceiro das *Irmandades*, as cales sofren unha progresiva politización.

3

En 1918, as *Irmandades* preséntanse ás eleccións en colaboración con *Lliga Regionalista* de Cataluña, mais non tiveron moito éxito.

4

Coa Ditadura de primo de Rivera (1923-1930) a liña política foi prohibida.

5

O nacionalismo galego critica o centralismo español e ten un claro afán diferencialista a respecto de España.

6

O nacionalismo defende que Galicia debe demostrar que pode organiza-los seus propios recursos á marxe doutra autoridade, enfrontándose a ela primeiro e desligándose despois.



7

O nacionalismo defendía a idea de que Galicia pertencía por propio dereito á comunidade cultural europea e que España era un obstáculo no achegamento á cultura europea.

8

Para o nacionalismo galego o máis importante son o a Terra e o Pobo galegos, por riba de calquera interese partidario.

9

O nacionalismo sostíña que era necesario fortalecer a cidade de Santiago, xa que canto máis se fortalecese o propio núcleo galego, máis se afastarían de España.

10

En 1929 apareceu a ORGA e nela aprécianse dúas tendencias: a de Carlos Casares, máis estatal, e a de Antón Villar Ponte, de tendencia galeguista.

11

En 1931 proclámase a II República.

12

En 1931 xorde o Partido Galeguista e toma o relevo das *Irmandades da Fala*.

13

O Partido Galeguista rexeitaba o marxismo e declarábase aconfesional e interclasista.

14

A ideoloxía do Partido Galeguista baseábase na idea de que o importante era a defensa de Galicia e non importaba se os seus membros eran de “dereitas” ou de “esquerdas”.

15

O Partido Galeguista sufriu un revés nas eleccións de 1933.

16

O Partido Galeguista defendía a necesidade dun Estatuto de Autonomía, motivo polo cal se uniu á Fronte Popular, organización política de “esquerdas”, en 1936

17

A incorporación do Partido Galeguista na Fronte Popular, propiciou o desvencellamento da dereita galeguista do partido.

18

En xullo de 1936 iníciase a Guerra Civil.

## Anexo XII: cartas relacionadas coa situación vivida logo de 1936

1

En xullo de 1936, Galicia xa estaba dominada polos franquistas.

2

Debido á situación política, o Partido galeguista tivo que manterse na clandestinidade ata que rematou por desaparecer.

3

A unidade orgánica da Xeración rompeuse.

4

Algún dos seus integrantes tivo que exiliarse.

Exemplo: Castelao

5

Algún dos seus integrantes mantivo a súa actividade na clandestinidade

Exemplos: Otero Pedrayo e Cuevillas.

6

Algún dos seus integrantes renegou do galeguismo.

Exemplo: Risco.

7

Algún dos seus integrantes foi asasinado.

Exemplos: Ánxel Casal, Blanco Torres, Díaz Baliño, Arturo Noguerol...

8

“Rómpese” o pulo creador, salvo casos excepcionais como o de Castelao.

9

Importancia da actividade levada a cabo polos galegos exiliados para manter vivo o sentimento nacionalista.

10

Ás veces, en Galicia non se tiña constancia dos importantes esforzos que facían os galegos exiliados.

11

O grupo galeguista de Bos Aires, acordou nomear como “xefe do galeguismo” a Castelao

12

Blanco Amor, entre outros, non aceptou a autoridade de Castelao como “xefe do galeguismo”.

13

Ó remata-la Guerra Civil (1939) lévanse a cabo os primeiros intentos de organizar clandestinamente a oposición.

14

En 1944, Castelao publica *Sempre en Galiza*. Deste modo, aparece o ideario do galeguismo, que tiña como intención ser a base na que se deberían formar as novas xeracións.

15

Produciuse un distanciamento, que rematará en ruptura, entre o galeguismo do interior de Galicia, con Ramón Piñeiro á fronte e o do exilio, encabezado por Castelao.

16

Castelao defende que para un mellor traballo na clandestinidade é recomendábel que as novas xeracións “tomen as rendas” no interior, posto que non están “queimadas publicamente”.

17

A partir de 1950 os galeguistas do interior, ven ineficaz a clandestinidade, pois pensan que a situación non vai a cambiar.

18

En 1950 nace a editorial *Galaxia*, co obxectivo de galeguizar ós mozos para que nun futuro fosen quen de asumir a responsabilidade política.

### **Anexo XIII: páxinas para obter información sobre o persoeiro adxudicado**

Todas as páxinas e vídeos que inclúo neste anexo foron consultadas o 26 de maio do ano 2013.

#### **Castelao:**

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=AfoRodr%ED&alias=Afonso+Daniel+Rodr%EDguez+Castelao](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=AfoRodr%ED&alias=Afonso+Daniel+Rodr%EDguez+Castelao)

[http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal\\_content/56\\_INSTANCE\\_8k1A/10157/28701](http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8k1A/10157/28701)

<http://www.galiciaespallada.com.ar/castelaorodriguezbiografia.htm>

<http://www.culturagalega.org/albumdaemigracion/detalle.php?id=180>

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/alfonso-d-rodriuez-castelao-letras-galegas-1964>

#### **Cuevillas:**

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=FloL%F3pez](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=FloL%F3pez)

[http://www.diadasletrasgalegas.com/homenaxeado/florentino-l%C3%B3pez-cuevillas\\_1968](http://www.diadasletrasgalegas.com/homenaxeado/florentino-l%C3%B3pez-cuevillas_1968)

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=58>

[http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal\\_content/56\\_INSTANCE\\_8k1A/10157/28661](http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8k1A/10157/28661)

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/florentino-lopez-cuevillas-letras-galegas-1968>

#### **Losada Diéguez:**

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=AntLosad](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=AntLosad)

[http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal\\_content/56\\_INSTANCE\\_8k1A/10157/27415](http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/-/journal_content/56_INSTANCE_8k1A/10157/27415)

<http://www.galegos.info/gl/anton-losada-diequez>

<http://www.limiarlibros.com/webgaliza/letras1985.htm>

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/anton-losada-diequez-letras-galegas-1985>

### **Otero Pedrayo:**

[http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/  
/journal\\_content/56\\_INSTANCE\\_8k1A/10157/19608](http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas/<br/>/journal_content/56_INSTANCE_8k1A/10157/19608)

[http://www.bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=RamOtero](http://www.bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=RamOtero)

<http://www.arrakis.es/~trasalba/Biografia1/Biografia1.html>

<http://www.galegos.info/gl/ramon-otero-pedrayo>

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/ramon-otero-pedrayo-letras-galegas-1988>

### **Vicente Risco:**

[http://bvg.udc.es/ficha\\_autor.jsp?id=VicMart%ED&alias=&solapa=obras](http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=VicMart%ED&alias=&solapa=obras)

[http://www.editorialgalaxia.es/autores/autormais.php?id\\_autor=345](http://www.editorialgalaxia.es/autores/autormais.php?id_autor=345)

<http://ourensesiglo21.blogspot.com.es/2012/02/vicente-risco.html>

[http://elpais.com/diario/2006/11/23/galicia/1164280701\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2006/11/23/galicia/1164280701_850215.html)

[http://elpais.com/diario/1990/11/23/cultura/659314808\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1990/11/23/cultura/659314808_850215.html)


[http://elpais.com/diario/1981/01/30/cultura/349657204\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1981/01/30/cultura/349657204_850215.html)

[http://www.sermosgaliza.com/artigo/cultura/allariz-lembra-a-vicente-risco-e-revisa-a-sua-  
figura-no-50-aniversario-do-seu-pasamento/20130430130437014354.html](http://www.sermosgaliza.com/artigo/cultura/allariz-lembra-a-vicente-risco-e-revisa-a-sua-<br/>figura-no-50-aniversario-do-seu-pasamento/20130430130437014354.html)


[http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/50-aniversario-da-morte-de-vicente-  
risco-entrevista-a-luis-martinez-risco](http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/corte-a-corte/50-aniversario-da-morte-de-vicente-<br/>risco-entrevista-a-luis-martinez-risco)

## Anexo XIV: preguntas elaboradas en LIM

Pregunta a modo de exemplo similar á que podería elaborar un alumno.




Elaboran a pregunta, escriben as respostas e marcan a correcta





Vicente Risco escribiu

Nós, os inadaptados



**Parabéns**


No caso de acertar

Vicente Risco escribiu

1 Nós, os inadaptados

0 Queixumes dos pinos

3 Arredor de si



**Que pena! Inténtao de novo**

No caso de errar

## **Anexo XV : *O Rei avarento***

Trátase dunha copia manuscrita do conto *O Rei avarento*, de Vicente Risco. Este conto está incluído na colección *Tres contos maravillosos*, a cal contén tres contos de literatura infantil escritos por Risco.

### O Rei avarento.

En certa aldea naceu un neno con moi boa estrela, de quen dixo unha naipeira que chegaría a ser dono dunha gran fortuna e que casaría coa filla dun Rei.

Pasou El-Rei polo pobo e preguntou se ocorría algunha nova importante. Contestáronlle que acababa de nacer un neno baixo a influencia dunha boa estrela. A nova encheuno de carraxe e díxolles aos pais do neno:

—Dádeme o voso neno, que eu o coidarei.

Os pais non querían, mais El-Rei insistiu e dixéronlle os pais:

—O neno naceu con boa estrela e todo sairá ben.

El-Rei puxo o neno nunha caixa e botouno ao río.

Mais a caixa en vez de afundir nas augas, aboiou; a corrente levouno, levouno ata chegar á canle dun muíño. O muiñeiro e a súa muller, que non tiñan fillos, trataron moi ben ao rapaciño.

Pasaron uns anos e un día foi El-Rei ao muíño e preguntou ao muiñeiro se aquel rapaz era fillo seu.

—Non, Señor, atopeino no ría metido nunha caixa.

El-Rei lembrou que aquel era o neno que nacera con boa estrela.

—Boas xentes —dixo El-Rei — é preciso que este mozo leve unha carta á Raíña.

Na carta dicíalle que mandase matar ao dador.

O rapaciño púxose en camiño levando a carta, mais sen decatarse de que perdera o camiño atopouse nun piñeiral moi grande. Ao lonxe viu unha casa pequena e case derrubada. Foi camiño dela e atopouse cunha velliña sentada na lareira, que lle preguntou:

—¿Que ves buscar acó?

—Lévolle unha carta á Raíña, perdinme no camiño e quixera pasar a noite aquí.

—Mira, meu neno, esta casa é de ladróns e se te atopan nela matarante.

—Eu non teño medo —dixo o mozo— e ademais estou tan canso que non podo seguir a viaxe.

Deitouse derriba dun tallo e quedou durmido. Cando chegaron os ladróns díxolles a vella:

—Este pobre rapaciño perdeuse no piñeiral; como viña tan canso deume mágoa. Leva unha carta e leron a orde de lle dar morte ao portador, e o capitán rachouna e trocoulla por outra na que dicía á Raíña que tan axiña como a recibira era preciso que casara a Princesa co dador.

O rapaz entregou a carta á Raíña, o casamento fíxose con grandes festas e a filla de El-Rei estaba moi contenta porque era o mozo era belido e amábel.

Poucos meses despois voltou El-Rei ao seu pazo e viu cumprindo o acerto da naipeira. Cheo de carraxe porque lle fora trocada a orde de morte, díxolle ao rapaciño:

—¡Isto non pode ser! Vaite. Traerasme tres cabelos do demo e despois poderás vivir coa Princesa.

Ao mandarlle isto, El-Rei coidaba que o rapaz non volvería máis.

—Eu non teño medo a ningún —dixo o mozo—, atoparei os tres cabelos do demo.

E púxose en camiño. Chegou a unha vila e o seu garda preguntoulle por que a fonte do mercado, que sempre deu viño, tiña secado xa.

—Direicho cando volva.

Anda que andarás, chegou diante doutra vila e o seu garda preguntoulle por que a árbore que daba mazás de ouro tiña secado xa.

— Direicho cando volva.

Moito máis lonxe chegou a un río ancho que tiña que atravesar, e non sabía de que maneira.

De alí a pouco atopou o bateleiro, quen lle preguntou se tiña que estar aínda moito tempo pasando xente á outra beira.

—Agarda un pouco, direicho cando volva.

Na outra banda do río atopou a boca do inferno, que era moi moura. O demo non estaba no seu pazo, pero si a súa dona das chaves, que facía punto sentadas nun asento de ósos.

—¿Qué querías? —preguntoulle.

—Preciso tres cabelos da cabeza do demo.

—¡Moito pides! —díxolle— Emporiso caéchesme en agrado e axudareite.

E trocando o rapaciño en formiga, acochouno nos rizos do seu vestido.

—Ademais quero saber tres cousas: por que unha fonte que sempre deu viño secou xa, por que unha árbore que daba mazás de ouro secou xa e por que certo bateleiro está aínda na súa barca sen ser relevado.

—Xa escoitarás o que diga o demo cando eu lle arrinque os tres cabelos.

—¡Aquí cheira a carne humana! —berrou o demo ao entrar no pazo.

—¡Ti sempre cheiras a carne humana! ¡Boh, acouga e cala!

Axiña que ceou, o demo puxo a testa nos xeonllos da vella e mandoulle que lle catase as pulgas. Non tardou en adormecer, e avella arrincoulle un cabelo.

—¿Qué fas? —dixo o demo.

—Tiven un mal soño e tireiche dos cabelos.

—¿E que soñaches? —preguntoulle o demo, que era moi curioso.

—Soñei que a fonte que sempre botou viño, secou xa.

—Si —dixo o demo—, hai un sapo baixo dunha pedra, se o matan volve dar viño.

Adormeceu de novo o demo e a vella arrincoulle o segundo cabelo.

—¡Abonda xa! ¿Qué fas? —berrou o demo encabuxado.

—Soñaba que en certa vila hai unha árbore que daba mazás de ouro e agora non ten nin follas.

—Si —dixo o demo—, hai un rato que roe a raíz, se o matan a árbore dará de novo mazás de ouro.

Adorreceu outra vez e arrincoulle o terceiro cabelo. O demo ergueuse berrando, mais ela burlouno dicíndolle:

—¿Quen se ve apartado dun mal soño?

—¿Outra vez soñaches?

—Si, cun bateleiro que se queixa de non ser relevado.

—¡É un parvo! — dixo o demo— Non ten máis que poñerlle o remo na man ao primeiro que pase polo río e o outro ficará de baleiro eternamente.

Cando o demo marchou do pazo, a vella converteu a formiga no rapaciño do noso conto.

—Aí tes os tres cabelos —díxolle a vella—. ¿Oíches as respostas do demo?

—Non as esquecerei. ¡Grazas!

—Pois non teñas medo, podes volver á túa terra.

Despediuse da vella meiga, cheo de ledicia pode ter tan boa sorte.

Ao chegar onde estaba o bateleiro, e despois de pasar á outra beira, díxolle:

—Ao primeiro que veña pasar o río, ponlle o remo na man e quedarás ceibado.

Chegou á vila onde estaba a árbore seca e díxolle ao garda:

—Mata o rato e a árbore dará de novo mazás de ouro.

En agradecemento deulle ao rapaz dous cabalos cargados de onzas de ouro.

Chegou á vila onde secara a fonte e díxolle ao garda:

—Na fonte, baixo da pedra, hai un sapo; matádeo e volverá dar viño.

O garda agasallouno con outros dous cabalos cargados de barras de prata.

O rapaciño chegou ao pazo real e entregoulle a El-Rei os tres cabelos do demo. El-Rei quedou satisfeito vendo que traía catro cabelos cargados de prata e ouro e díxolle:

—A Princesa é túa, podes vivir con ela. E dime fillo, ¿onde atopaches tanto diñeiro?

—Collino na outra bando do río que pasei.

—¿E podo eu coller outro tanto? —preguntoulle El-Rei.

—E moito máis —respondeu o rapaz.

O Rei púxose en camiño e chegando ao río chamou o bateleiro para que o pasara. O bateleiro fíxoo entrar, ao chegar á outra banda púxolle o remo na man e saltou fóra. O Rei quedou de bateleiro en castigo da súa ruindade e avareza e seguirá sendo bateleiro eternamente.

## **Anexo XVI: Conto Sinxelo**

Trátase dunha publicación de Antón Losada Diéguez, realizado no número 3 da revista *Nós*, do 30 de decembro de 1920.

### CONTO SINXELO

Conocín o máis forte *boxeador* do mundo, Samuel Kupper. Tiña vinte e dous anos, mais forte que fora Jeffries nos seus bos tempos e con máis xeito que Johnson. Ganara xa o campionato mundial de pesos pesados e d'un día a outro iba a loitar c'ó vello campeón de pesos grandes. Era fixa a súa victoria. O vello campeón xa recibira o consello de llo dar sin loita.

Samuel Kupper descansaba n-unha granxa do Far West. Era seu amigo un crego que lía a Biblia ós labregos. Samuel Kupper oiulle ler unha serán soave e feiticeira do vrau: <<Oíchedes que se dixo ollo por ollo e dente por dente. Mais eu vos digo que non fagades resistencia a que vos magoe; e si algún te ferira na meixela dereita, ponlle tamén a outra... Oíchedes que foi dito: Amarás ó teu próximo e teraslle xenreira ó teu nemigo. Mais eu dígovos: Queredes ós vósos nemigos, facede bém ós que queren mal e rezade pol-os que vos corren e calumnian...>> Mainiño, o vento movía as herbas y-as froles d'a pradeira.

Aquela noite, un vello y-unha mociña petaron á porta de Samuel Kupper. Tiñan fame e iban cansos e magoados de camiñar... Os ollos do vello eran de infinida tristura; n-os das mociña loitaba a desesperación c'unha rayola d'espranza... Samuel Kupper xa era rico, os seus fortes cotelos enfeixaran moitos billetes... O vello y-a mociña comeron, e descansaron, e tiveron diñeiro.

Pol-a mañán Samuel Kupper recibiu un aviso e desafío. Un novo *boxeador* ruso, Alexis Karbin, quería loitar e xa estaba en San Francisco. Telegráficamente fixéronse y-aceutáronse condicións.

O dcía d'a loita, n-o *ring*, Samuel Kupper veu diante de sí a un ardente rapaz de óllar duro e grande estatura. Kupper non tremeu. Era máis forte y-ó pouco de loitar reconeceu confiado a súa superioridade.

Alexis Karbin loitaba con todo o seu fogo, brincanco e batendo sin parar. Canso xa, chegou o instante en que os puños de ac eiro de Samuel Kupper iban a mallar a eito n-as meixelas e n-o

peito do rapás ruso. Encollido, esperaba o golpe... y-estonces Samuel Kupper veu n-aqueles óllos o óllar de tristura do vello que petara na sua porta y-a loita de desesperación e d'espranto dá mociña, e lembrouse da sua granxa, as pradeiras, o crego seu amigo, o libro santo, o vento mainiño... E baixou os brazos...

Como un lostrego ergueuse Alexis Karbin e bateu un soilo e seguro golpe n-o peito de samuel Kupper. Caiu no chan... Contáronse os segundos... estaba *Knock – out*... A xente levouse n-o aire ó ruso trunfadore...

Samuel Kupper soilo, magoado n-a y-alma, foise prá inmesidade dós campos do seu Far West...

Topou ó vello y-á mociña. Ampara a ún, e dalle amor á outra.

Inda hoxe non se decata de si foi forte ou debel, de si un derrotado ou un vencedor.

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ



**Anexo XVII: ¡Ten fe, poeta!**

Neste anexo inclúo, un poema escrito por Xavier Prado Lameiro, publicado no número 2 da revista *Nós*, do 30 de novembro de 1920.

¡TEN FE, POETA!

Á sombra d'un carballo un probe poeta  
Buscáballe remate a unha quarteta  
Sin conseguir toparlle a <<xuramento>>  
Consonante axeitada de nacemento.  
D'a sua musa o coidado renegaba  
E con parolas grósas a aldraxaba,  
Cando ela veu en forma déstorniño  
Que no albore pousándose a modiño  
Ciscou sobr'ó poeta, tan campante,  
O desexado e própeo consonante.  
Endexamais ¡hou bardo! desesperes;  
Que as musas fanche o mesmo qu'ás mulleres:  
Xamais che din que si, pro, están negando.  
Y-aquello que che negan desexando.  
Ten fé, qu'elas han vir n-a tua axuda  
Co'a sua conversa muda  
Que ás veces é subrime sopro craro  
Y-outras é... calquer cousa de paxaro

XAVIER PRADO

(Lameiro)

**Anexo XVIII: canción *Lela*.**

Están as nubes chorando  
por un amor que morreu  
Están as rúas molladas  
de tanto como choveu (bis)

Lela, Lela,  
Leliña por quen eu morro  
quero mirarme  
nas meniñas dos teus ollos

Non me deixes  
e ten compasión de min.  
Sen ti non podo,  
sen ti non podo vivir.

Dame alento das túas palabras,  
dame celme do teu corazón,  
dame lume das túas miradas,  
dame vida co teu dulce amor. (bis)

Lela, Lela....

....

Sen ti non podo,  
sen ti non podo vivir.

**Anexo XIX: canción *Chove en Santiago*.**

Chove en Santiago  
meu doce amor.  
Camelia branca do ar  
brila entebrecida ô sol.

Chove en Santiago  
na noite escura.  
Herbas de prata e de sono  
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pol-a rúa,  
laio de pedra e cristal.  
Olla no vento esvaído  
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar  
Santiago, lonxe do sol;  
agoa da mañán anterga  
trema no meu corazón

**Anexo XX: *Adiós ríos, adiós fontes.***

Adiós, ríos; adiós fontes;  
adiós, regatos pequenos;  
adiós, vista dos meus ollos,  
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto  
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña do meu contento,

muíño dos castañares,  
noites craras de luar,  
campaniñas trimbadoras  
da igrexiña do lugar,

amoriñas das silveiras  
que eu lle daba ó meu amor,  
camiñiños antre o millo,  
¡adiós, para sempre adiós!

¡Adiós gloria! ¡adiós contento!

¡Deixo a casa onde nacín,  
deixo a aldea que conozo  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,  
deixo a veiga polo mar,  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡Quén pudiera non deixar...!

Adiós, adiós, que me vou,  
herbiñas do camposanto,  
donde meu pai se enterrou,  
herbiñas que biquei tanto,  
terriña que nos criou.

Xa se oien lonxe, moi lonxe,  
as campanas do Pomar ;  
para min, ¡ai !, coitadiño,  
nunca máis han de tocar.

Xa se oien lonxe, máis lonxe...  
Cada balada é un dolor ;  
voume soio, sin arrimo...  
Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!.

¡Adiós tamén, queridiña...!  
¡Adiós por sempre quizáis...!  
Dígoche este adiós chorando  
dende a beiriña do mar.

Non me olvides, queridiña,  
si morro de soidás...  
Tantas légoas mar adentro...  
¡Miña casiña! ¡meu lar!

## Anexo XXI: debuxos de Castelao


Estes debuxos foron extraídos dunha publicación do xornal 20minutos, no que se elaborou unha lista con numerosas imaxes e cadros de Castelao.



- Yo digo que los caciques no son representantes del Gobierno; el Gobierno es el representante de los caciques.



En Galiza non se pide nada. Emígrase.



- Eu son un desgraciado por pagar tanta contribución  
- Máis desgraciado son eu por non pagar ningunha



**Os señoritos non lles gusta a choiva**



**¿Por qué no habla castellano señor Pedro?**





Non quero ir á escola, o escolante pégame e a escola cheira que fede (NÓS)

## **Anexo XXII: noticia traballada na sesión XXX**

Visión alemana sobre el uso del gallego

**Una estudiante de Filología Románica en Múnich recopila encuestas para su tesina sobre la realidad lingüística de Vigo E"Veoo riesgo de que la lengua propia desaparezca en las ciudades",dice**

18.04.2013 | 07:38

**S. PENELAS** Aunque natural de Glonn, una localidad alemana de 4.000 habitantes al este de Múnich, Johanna Eierstock ha disfrutado sus vacaciones desde niña en Vigo, donde reside uno de sus tíos, y tiene en la ciudad "muchos amigos". Estos vínculos personales y las similitudes con su región respecto a la convivencia de dos lenguas -la familia de Johanna utiliza habitualmente el dialecto bávaro- la han llevado a escoger la ciudad como campo de estudio para su tesina de licenciatura en Filología Románica.

"La situación lingüística es muy similar a la de Múnich. La mayoría de quienes utilizamos el bávaro, como es mi caso, residen en los alrededores y pueblos cercanos a la ciudad. En mi familia hablamos bávaro, pero si estoy en la universidad normalmente hablo alemán. Creo que en Vigo ocurre lo mismo y que los que normalmente usan el gallego se adaptan a la mayoría que utiliza el castellano", reflexiona Johanna.

Para poder llevar a cabo su estudio, la joven ha enviado mensajes a diferentes colectivos de la ciudad con el enlace a una encuesta que se puede cubrir on line (<http://www.q-set.es/q-set.php?sCode=QYUEDECVYTHQ>). Ya le han llegado las respuestas de casi un centenar de voluntarios y confía en seguir sumando entrevistas para que el resultado sea lo más representativo posible de la realidad lingüística viguesa.

Johanna destaca el papel de las diferentes instituciones que trabajan en la conservación del gallego, pero cree que su situación todavía debe mejorar para garantizar la pervivencia: "Veoo riesgo de que desaparezca, sobre todo, en las ciudades".

Ella confía en que los jóvenes "descubran el valor de la lengua gallega porque es una expresión de la identidad", aunque asegura que el problema también está entre los mayores de 30 años que podría hablar y escribir en el idioma propio de la comunidad y, sin embargo, no lo hacen.

"Creo que es importante que la lengua gallega se utilice más en la vida cotidiana: en el jardín de infancia, la escuela, la panadería... o en espacios de televisión y radio moderados por gallego-hablantes que resulten interesantes y atractivos para los jóvenes. No debe ser bochornoso hablar en gallego, sino una expresión de la personalidad. Muchos ya lo han entendido, pero desgraciadamente están en inferioridad numérica".

Johanna está convencida de que los vigueses, al igual que los gallegos en general, son "conscientes en su mayoría" de la riqueza que supone conservar una lengua propia. "Pero todavía no la usan. Es importante hablar castellano para conseguir un puesto de trabajo o comunicarse en el resto de España, por eso tiene quizás un poco más de prestigio", añade.

### Lenguas minoritarias

La joven filóloga destaca que esta situación es común a la de otras regiones europeas. "Pocas lenguas minoritarias tienen hoy más hablantes que en el pasado. Los bávaros, los vascos, los occitanos y muchos más pueblos corren peligro de perder un idioma o dialecto que es una parte de la región, de los habitantes y de su identidad", reflexiona.

Por este motivo le gustaría dedicarse a la investigación lingüística -"Hay muchos idiomas que deben ser estudiados por su valor y para no olvidarlos"- o también ser profesora. Tiene claro que le gustaría realizar unas prácticas en España, aunque ve su futuro en Alemania. "También a causa de la crisis del euro", puntualiza.

En mayo, Johanna regresará a Vigo para pasar una semana de vacaciones: "Ahora ya no tengo tanto tiempo para viajar debido a los estudios, pero estoy segura de que siempre voy a volver".

## **Anexo XXIII: control**

---

Nome:

---

---

Data:

---

**1. Que foi a *Xeración Nós*? E as *Irmandades da Fala*?**

**2. A revista *Nós* garda algunha relación coa *Xeración Nós*? Foi importante? Por que?**

**3. Na terceira sesión ti e o teu grupo traballastes sobre un persoeiro en particular. Di os aspectos máis relevantes da súa vida e as razóns polas cales foi importante para a cultura galega.**

**4. Escolle outro persoeiro sen ser aquel do que realizaches o traballo e explica a súa importancia para Galicia e a lingua galega, así como os aspectos que consideres relevantes sinalar acerca del.**

**5. Cal é a situación da lingua galega na actualidade? Sempre viviu esta situación? A que cres que se debe isto?**

## **Anexo XXIV: cuestionario de avaliación da unidade didáctica e autoavaliación do alumnado**

### **Avaliación da unidade didáctica:**

- En xeral, gustouche? Por que?
- Que actividade che gustou máis? Por que?
- Que actividade che gustou menos? Por que?
- Cal foi a situación ou actividade que che creou máis dificultades?
- Farías algún cambio? Por que?
- Mellorarías algún aspecto ou situación da unidade didáctica? Por que?

### **Autoavaliación:**

- Entendiches o que tiñas que facer nas actividades?
- Cres que aprendiches moito sobre a Xeración *Nós*?
- Pensas que estas actividades che axudaron a coñecer a situación do idioma galego?
- Sentícheste cómodo traballando en grupo? Prefires traballar individualmente? Por que?

## BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, X. R. (1981). *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Bermúdez Montes, T. (2009). Ramón Piñeiro, Carlos Casares e a Nova Narrativa. *Revista De Investigación En Educación*, (6), 104-112.
- Carvalho Calero, R. (1981). *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* (3ª ed.). Vigo: Galaxia.
- Garrido Couceiro, X. C. (2009). *Piñeiro contra Castelao, Castelao contra Piñeiro : Na loita antifranquista do galeguismo*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gaspar, S. (1996). *A Xeración Nós e o camiño de Santiago*. Santiago de Compostela: Xunta.
- González Fernández, A. (2008). *O espírito e a lama das formas: A filosofía de nós : Risco, Castelao, Otero pedrayo*. Santiago de Compostela: Baía.
- Lugris, R. (1963). *Vicente Risco na cultura galega ensaio*. Vigo: Galaxia.
- Nós: Boletín mensual da cultura galega, órgano da sociedade "nós". (1920; 1970). Vigo: Galaxia.
- Pardo de Neyra, X. (2009). *A época Nós: O estudo da literatura galega desde a periodoloxía literaria : Problemas de crítica literaria, método e aplicación*. Ferrol: Embora.
- Pérez Prieto, V. (1988). *A Xeración "NÓS" galeguismo e relixión*. Vigo: Galaxia.
- Risco, V. (2004). *Tres contos maravillosos*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez González, O. (2007). Carlos Casares e a Xeración Nós. *Anuario De Estudos Literarios Galegos*, (2007), 74-85.
- Vázquez Cuesta, P. (1995). *Nós a literatura galega*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Real Decreto 130/2007, do 28 de xuño* (DOG 09-07-2007).

As Candongas do Quirombo (2010): “ A memoria da lingua”, dispoñíbel na Internet:  
<http://vimeo.com/16277612> [consulta o 30/03/2013].

Historias de Galicia: “Lingua de reis, lingua do pobo”, emitido na TVG, 23/07/2007,  
dispoñíbel na Internet: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-5-lingua-de-reis-lingua-do-pobo> [consulta o 21/02/2013]

Historias de Galicia: “Nación de Breogán”, emitido na TVG, 04/11/2, dispoñíbel na Internet  
<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-13-nacion-de-breogan> [consulta o 21/02/2013].

<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2013/04/18/vision-alemana-gallego/793311.htm>  
[consulta o 15/05/2013].

<http://listas.20minutos.es/lista/debuxos-e-cadros-de-castelao-318225/> [consulta o 15/05/2013].

#### **Letras cancións:**

[http://www.galiciaespallada.com.ar/canciones\\_populares\\_lela.htm](http://www.galiciaespallada.com.ar/canciones_populares_lela.htm) [consulta o 15/04/2013].

[http://www.galiciaespallada.com.ar/rosalia\\_castro\\_cantaresgallegos.htm](http://www.galiciaespallada.com.ar/rosalia_castro_cantaresgallegos.htm) [consulta o 18/04/2013].

<http://www.leoslyrics.com/luar-na-lubre/chove-en-santiago-lyrics/> [consulta o 18/04/2013].

#### **Imaxes das casas do “Xogo da Xeración Nós”:**

[www.caminodesantiago.cosumer.es](http://www.caminodesantiago.cosumer.es) [consulta o 22/05/2013].

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es) [consulta o 22/05/2013].

#### **Imaxes das cartas dos persoeiros do “Xogo da Xeración Nós”:**

<http://chonchabonet.wordpress.com> [consulta o 21/05/2013].

<http://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es/2010/11/los-doctores-quintanilla-alcaldes.html> [consulta o 21/05/2013].

<http://www.egu.es/egu/html/index.php?op=ver&id=132924&pantalla=efemeride> [consulta o 21/05/2013].

<http://www.egu.es/egu/html/index.php?op=ver&id=135226&pantalla=efemeride> [consulta o 21/05/2013].

<http://emigracion.xunta.es/es/conociendo-galicia/biograf%C3%ADa/alfonso-daniel-rodr%C3%ADguez-castelao> [consulta o 21/05/2013].

<http://www.epdlp.com/escritor.php?id=1527> [consulta o 21/05/2013].

[http://www.galiciaespallada.com.ar/villarponte\\_biografia.htm](http://www.galiciaespallada.com.ar/villarponte_biografia.htm) [consulta o 21/05/2013].

<http://fundacionoteropedrayo.org/xeracion-nos-segunda-republica-espanola/> [consulta o 21/05/2013].

<http://kallaikoi.0catch.com/bouza.htm> [consulta o 21/05/2013].

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/letrasgalegas/2012/05/12/dia-das-letras-galegas-1968-florentino-lopez-alonso-cuevillas/0003\\_201205SC12P4993.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/letrasgalegas/2012/05/12/dia-das-letras-galegas-1968-florentino-lopez-alonso-cuevillas/0003_201205SC12P4993.htm?idioma=galego) [consulta o 21/05/2013].

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/letrasgalegas/2012/05/12/dia-das-letras-galegas-1974-xoan-vicente-viqueira/0003\\_201205SC12P8991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/letrasgalegas/2012/05/12/dia-das-letras-galegas-1974-xoan-vicente-viqueira/0003_201205SC12P8991.htm?idioma=galego) [consulta o 21/05/2013].

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2003/11/17/2170418.shtml?idioma=galego> [consulta o 21/05/2013].

[http://www.museosdeg Galicia.com/plantilla.jsp?num\\_provincia=3](http://www.museosdeg Galicia.com/plantilla.jsp?num_provincia=3) [consulta o 21/05/2013].

[http://ourensaniafotosourense.blogspot.com.es/2008\\_03\\_01\\_archive.html](http://ourensaniafotosourense.blogspot.com.es/2008_03_01_archive.html) [consulta o 21/05/2013].

<http://ourensesiglo21.blogspot.com.es/2012/02/vicente-risco.htm> [consulta o 21/05/2013].

<http://pacoasorey.blogspot.com.es/2012/01/asorey-e-camilo-diaz-balino.html> [consulta o 21/05/2013].

<http://www.vieiros.com/nova/60176/o-dia-que-asasinaron-a-pessoa-que-fixo-mais-por-galiza-que-todos-nos> [consulta o 21/05/2013].